

Axudádeme a cantar

GUÍA DOCENTE



Contido

04	Introdución	
08	Orientacións metodolóxicas	
14	Orientacións curriculares	
18	Proposta didáctica	
	<i>Organizamos unha foliada na escola</i>	

PASO 1

Saber o que é 19

- Act. 1: Que significa a foliada para min?
- Act. 2: Termómetro histórico: un pouco de historia
- Act. 3: Unha morea de nomes
- Act. 4: Mapeamos
- Act. 5: E a nosa festa?

PASO 2

Crear comunidade 25

- Act. 1: A nosa foliada comunitaria
- Act. 2: Como sabemos o que sabemos sobre as tradicións galegas?
- Act. 3: Investigamos nós!
- Act. 4: Investigamos máis alá: o mundo festeiro
- Act. 5: Estendemos o noso mapa: «Mundo cultural»

PASO 3

Planificar o baile comunal 30

- Act. 1: Danza, baile, agarrados, soltos... De que estamos falando?
- Act. 2: Xogo de palmas
- Act. 3: Xogo-danza Mazarico
- Act. 4: Bailar co ritmo
- Act. 5: Probar un baile solto
- Act. 6: O baile dende os torreiros aos escenarios
- Act. 7: Entre todas e todos, punto a punto, creamos o baile
- Act. 8: Redescubrir e reinterpretar as tradicións
- Act. 9: Presente e futuro da nosa festa

PASO 4

Buscar melodías

39

Act. 1: O pasado no noso presente

Act. 2: Buscamos versións das cancións da tradición oral galegas

Act. 3: Bebendo das raíces *tradi*, creamos algo novo

Act. 4: Do aturuxo ao autotune

Act. 5: Elaboramos a *playlist* para a nosa festa

PASO 5

Compile coplas

44

Act. 1: Botádeme unha copla!

Act. 2: Galicia polo mundo

Act. 3: *Coplacrossing*

Act. 4: Cantar na nosa lingua

Act. 5: Desmachificamos coplas

Act. 6: Regueifámonos!

Act. 7: «Seguen sendo novas, aínda que sexan vellas»

PASO 6

Investigar os instrumentos

50

Act. 1: Unha festa dedicada á recuperación dun instrumento (case) esquecido

Act. 2: Unha morea de instrumentos

Act. 3: O corpo como instrumento

Act. 4: Somos / Coñecemos instrumentistas?

Act. 5: E fóra de Galicia, que instrumentos podemos atopar?

Act. 6: Formamos un conxunto musical

Act. 7: Construimos instrumentos

PASO 7

Chegou o día, a festexar!

56

Organizar a foliada

ANEXO

Xota de Liñares (Avión, Ourense)

Xota de Teaio (Dodro, A Coruña)

Agarrado Teaio (Dodro, A Coruña)

Introducción



Preséntase aquí unha Guía docente que parte do documental *Axudádeme a cantar*, producido como proxecto do Consello da Cultura Galega (Sección de Lingua, Literatura e Comunicación) no ano 2023. O documental, que consta de seis episodios, foi elaborado para visibilizar o papel central das mulleres no patrimonio musical e literario de Galicia, na súa faceta de cantantes e tocadoras de instrumentos de percusión de man. Tamén cabe recoñecer a súa importancia na organización de festas e bailes comunais. O obxectivo desta Guía é facilitar o seu uso como un recurso didáctico para educar e concienciar o alumnado sobre estes temas.

A Guía está dividida en catro seccións principais. Após esta introdución, que inclúe a ficha técnica do documental, proporcionamos unhas orientacións pedagóxicas para traballar eses temas dunha forma global na aula. Despois achegamos algunhas ideas xerais de como se poden relacionar as aprendizaxes presentadas no filme con diferentes áreas do saber, independentemente do nivel ou organización curricular de materias. Con estes dous apartados, mais o propio documental, esperamos que se poida deseñar, de forma colaborativa co alumnado, un proxecto educativo ao redor da obra, utilizando coñecementos previos, establecendo puntos de interese, identificando áreas de indagación, recollendo materiais e recursos adicionais e relacionando estes procesos cos coñecementos e coas capacidades que as e os nosos estudantes deberían estar desenvolvendo.

Porén, recoñecemos que o profesorado non dispón de moito tempo para a preparación, e tampouco é realista esperar que posúa a formación especializada e coñecementos suficientemente amplos para abordar todos os temas. Polo tanto, o cuarto apartado consiste nunha proposta didáctica detallada cuxo título, «Organizamos unha foliada na escola», adianta o obxectivo principal, que se acadará por medio de sete pasos. Para cada un deles, ofrecémoslles ás e aos docentes unha orientación previa e unha serie de actividades recomendadas para levar a cabo co alumnado, con recursos necesarios para as completar. Esta proposta está orientada a aulas do terceiro ciclo de educación primaria, pero pode adaptarse a outros niveis, ademais de ás realidades de cada centro. Podemos ver que o tema das festas aparece unha e outra vez durante todo o documental, con enfoques diferentes, polo que se presta facilmente á nosa proposta.

O recurso básico desta Guía, o documental *Axudádeme a cantar (Seis historias arredor da música de tradición oral en Galicia)*, queda almacenado en YouTube e está libremente dispoñible na páxina web do [Consello da Cultura Galega](#). Recomendamos visionar todos os seus capítulos antes de empezar, incluso no caso de seguir a nosa proposta didáctica, para ter unha idea global dos temas abordados. Como parte do proxecto da súa elaboración, producíronse subtítulos en galego, castelán e inglés por medio de traducións profesionais, para facilitar o seu acceso. Estes pódense incorporar utilizando a función dispoñible na plataforma de YouTube, e tamén se poden axustar as súas características segundo as preferencias do público.

Ficha técnica

Axudádeme a cantar (Seis historias arredor da música de tradición oral en Galicia)

Xénero: documental

Duración: 6 episodios de 10 minutos (aprox.)

Lingua VO: galego

Formato: dixital (HD, 16/9)

Son: estéreo (AAC)

Sinopse:

Axudádeme a cantar é unha serie documental de seis capítulos que pretende poñer en valor o canto acompañado con percusión de man, unha forma de literatura oral tradicionalmente feminina que gozaba (e goza) dunha extensión e diversidade importantes no territorio galego. Neste documental contamos coa colaboración de tocadoras tradicionais e participantes en procesos de recollida e divulgación, así como coa de artistas contemporáneas que beben das fontes desta tradición, falan das súas experiencias e comparten a súa arte connosco.

Créditos do documental:

Dirección

Renée DePalma

Xulia Feixoo

Carme López

Producción executiva

Alejandro Gándara Porteiro

Olaia Tubío

Dirección de fotografía

Olaia Tubío

Montaxe

Alejandro Gándara Porteiro

Son directo

Xandre Táboas

Gloria Tavares

Posproducción de son

Xandre Táboas

Etalonaxe

Leticia T. Blanco

Subtitulación

Lucía Correa Rodríguez



O serán en Toutón: pasado e presente da festa tradicional



Historia da compilación musical nos grupos folclóricos



A Festa da Pandeira: celebrando a recuperación dun instrumento



As novas raíces: resocializando o rural a través da música tradicional



Pandeirada en Liñares: canto, identidade e emigración



Das aldeas aos escenarios: a música de tradición oral no panorama musical galego

Orientaciones metodológicas



Como punto de partida, recomendamos unha abordaxe global, interdisciplinaria e activa do proceso educativo, de acordo coas orientacións psicopedagóxicas de carácter socioconstrutivista emanadas da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como coas concrecións legislativas curriculares sancionadas a nivel galego.

Consonte este enfoque, o alumnado é protagonista e construtor da súa propia aprendizaxe, en diálogo aberto e cooperativo co resto das compañeiras/os, cos membros da comunidade educativa e coa ou co propio docente. Este último, ou última, guía o proceso de aprendizaxe con especial atención ás achegas realizadas polo alumnado, propiciando así a súa autonomía, creatividade e desenvolvemento integral a nivel social, afectivo, sexual, motriz, cognitivo, ético e estético.

Por suposto, somos conscientes de que o profesorado terá diferentes niveis de coñecemento e experiencia nas cuestións de música, baile, lingua e literatura galegas, historia e antropoloxía que se abordan no documental. Por este motivo, elaboramos a proposta didáctica que se atopa no último apartado desta Guía. O/A profesor/a pode partir dun enfoque global, cingirse a esa nosa proposta ou mesmo a seccións dela, segundo o grao de confianza e experiencia co tema.

A proposta principia cunha motivadora pregunta, a modo de centro de interese: «Que necesitamos para organizar unha foliada na escola?». A formulación desta cuestión propicia a implicación directa e motivada do alumnado para resolvela, favorecendo o encontro entre os saberes populares e tradicionais (atesourados polo conxunto da comunidade educativa) e aqueles outros de carácter académico (fornecidos polo centro educativo e por institucións que se dedican ao estudo do patrimonio inmaterial galego). O produto deste diálogo horizontal, interxeracional e polifónico fai do contexto social e cultural do centro de ensino un magnífico escenario para a aprendizaxe, a través da valoración dos saberes emanados da veciñanza, avós/avoas, asociacións culturais e museos, entre outros. Deste modo, artículase unha auténtica comunidade de aprendizaxe acolledora e democrática para a deliberación colectiva e para a implementación de prácticas educativas solidarias e transformadoras, fortalecendo así o tecido comunitario.

*Eu e mais ti, compañeira,
Eu e mais ti, comarada,
Eu e mais ti, compañeira,
Facemos a foliada.*

(Castrelo, Vimianzo)
Recollida por Xabier Díaz

Recomendamos desenvolver actividades específicas dentro do marco dun proxecto globalizado que se oriente polos seguintes principios psicopedagóxicos:

Personalización

Considera que a/o educando é único e irrepitible, de tal modo que é necesario atender aos diferentes intereses, ritmos, necesidades e estilos de aprendizaxe.

Significatividade

Establece a necesidade de contextualizar as experiencias de aprendizaxe nas vivencias previas dos discentes dun modo significativo.

Igualdade

Formula a necesidade de garantir a igualdade real entre o alumnado, o profesorado e o resto de membros da comunidade educativa, con independencia do seu nacemento, sexo, orixe racial, étnica ou xeográfica, diversidade funcional, idade, doenza, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade sexual, así como calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, favorecendo a elaboración dunha autoimaxe positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios.

Interdisciplinarietà

Propicia a integración de contidos das diversas áreas para a análise dun mesmo obxecto de estudo, colaborando na funcionalidade e significatividade do proceso educativo.

Participación e actividade

Facilita unha aprendizaxe colaborativa mediante a experimentación, interacción e comunicación de maneira aberta e flexible.

Liberdade

Posibilita un clima emocional positivo no que os estudantes se senten respectados, garantindo o exercicio da súa liberdade de elección e expresión.

Inclusión

Emprega medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares baseadas nos principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe.

Aprendizaxe baseada en proxectos

Definición

Un proxecto é unha empresa colectiva dirixida polo grupo que se orienta a unha produción concreta, inducendo un conxunto de tarefas nas que todo o alumnado pode implicarse e desempeñar un rol activo que pode variar en función dos seus medios ou intereses, favorecendo, ao mesmo tempo, aprendizaxes identificables que figuran no programa dunha ou máis disciplinas (Perrenoud 1999).

Proceso didáctico

Un proxecto globalizado, segundo Arias *et al.* (2009), presenta as seguintes fases:

1. Que sabemos?

Realizamos unha activación dos coñecementos previos do estudiantado, mediante unha choiva de ideas ou outra actividade equivalente (n.º 3), para favorecermos unha aprendizaxe significativa (Ausubel 1968).

2. Que queremos saber?

A primeira fase permítenos detectar as necesidades de aprendizaxe, que se concretarán no *que queremos saber*.

3. Onde procuramos a información?

Decidimos que para acadar esas aprendizaxes precisamos *buscar información*, de tal modo que chegamos a un consenso sobre as fontes, a organización necesaria e as técnicas para obtela.

4. Que facemos coa información?

Recadada a información, acordamos *que facer con ela*: valórase, contrástase, compárase, esquematízase e comunícase, achegando diversas canles para cada unha destas posibilidades.

5. Que categorías utilizamos?

Seleccionamos as categorías en que clasificamos a información obtida: melodías, coplas, puntos, instrumentos etc.

6. Como elaboramos o guión?

Elaboramos o guión con todas as tarefas que desenvolver para obter o produto final do proxecto: *organizar unha foliada na escola*.

7. Como nos organizamos?

Para afrontar os diferentes traballos, constituímos grupos heteroxéneos, en termos de capacidade e xénero, co fin de garantir a conformación de espazos de aprendizaxe inclusivos e coeducativos.

8. Que outras iniciativas poderíamos desenvolver?

Despois da festa podemos reflexionar sobre outras posibles iniciativas que contribúan á posta en valor do noso patrimonio cultural inmaterial.

9. Que aspectos podemos mellorar?

Na última fase do proxecto realizamos unha avaliación das aprendizaxes tiradas, así como unha análise crítica sobre a organización e o resultado final da festa. Neste sentido, podemos analizar aqueles aspectos que resultaron positivos, en relación cos obxectivos deseñados, e aqueloutros que cumpriría mellorar para futuras ocasións.

Papel do profesorado e do alumnado

Segundo Arias *et al.* (2009), identificamos as seguintes tarefas para desenvolver por parte do profesorado e do alumnado na aprendizaxe baseada en proxectos:

Alumnado	Profesorado
Propón o tema a partir dos seus propios intereses.	Realiza preguntas adecuadas, presenta situacións motivadoras, propón aspectos para traballar e axuda a ampliar o campo de intereses do alumnado.
Xustifica o proxecto explicando inquedanzas e curiosidades.	Actúa mediando para axudar a perfilar e concretar o proxecto.
Argumenta e comunica as súas ideas e respecta as propostas, recoñece o punto de vista do resto.	Propicia o diálogo, a interacción; favorece o traballo cooperativo do alumnado estimulando a participación e atendendo á diversidade.
Amosa interese por aprender a partir do recoñecemento do que sabe e do que descoñece.	Promove alternativas, novas ocasións de aprendizaxe.
Traballa colaborativamente.	Estimula a valoración e análise do proceso e dos resultados.
Constrúe o coñecemento en relación coas compañeiras e cos compañeiros.	Media constantemente nas diferentes tarefas e interaccións que se producen no grupo.
Formula conxuntamente un plan de traballo, toma decisións, dialoga e negocia.	Facilita as actividades colaborativas do alumnado.
Amosa responsabilidade ante un plan de traballo.	Defende o protagonismo do alumnado no proceso de aprendizaxe.
Manexa diferentes fontes e busca información.	Vela polo adecuado cumprimento do plan de traballo establecido, axudando o alumnado a que sexa cada vez máis autónomo.
Rexistra, organiza, esquematiza e comunica a información.	Incita o alumnado a profundar nas súas análises e reflexións.
Utiliza diversos procesos para o coñecemento da realidade dun xeito integrado: observa, analiza, recolle, clasifica, describe, pregunta, formula hipóteses, contrasta, confirma, interpreta...	Crea un clima de aula que axude a desenvolver adecuadamente as tarefas.
Avalía a súa propia execución e aprendizaxe en colaboración co resto do grupo.	Implica a comunidade educativa no desenvolvemento do proxecto.
Aplica ideas, habilidades e coñecementos no desenvolvemento do proxecto.	Promove a utilización de recursos variados e en contextos múltiples.
Mellora as súas habilidades sociais para comunicarse.	Valora as achegas de todo o alumnado.
Utiliza diferentes tipos de linguaxe e manexa variados recursos.	Acompaña na recollida dunha variedade de producións lingüísticas de calidade e no desenvolvemento de criterios de selección e aplicación.



Foto antiga, Toutón


Referencias documentais

ARIAS CORREA, A. / D. ARIAS CORREA / M. V. NAVAZA BLANCO / M. D. RIAL FERNÁNDEZ (2009): *O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

AUSUBEL, D. P. / J. D. NOVAK / H. HANESIAN (1968): *Educational psychology: A cognitive view*, Nova York, Holt, Rinehart & Winston.

PERRENOUD, P. (1999): *Construír competencias desde la escuela*, Santiago de Chile, Dolmen Editorial.

Orientaciones curriculares



Neste apartado, facilitamos un breve esquema de como se poden relacionar os temas tratados no documental coas áreas de coñecemento que se deberían abordar nos centros educativos. Por suposto, son ideas para empezar. Imaxinamos que o profesorado, despois de ver os capítulos e segundo as súas propias inquedañas, experiencias e especialidades atopará máis posibilidades. O importante é ter claro que as aprendizaxes que achega o documental como recurso non están fóra do currículo oficial, son válidas e relevantes para calquera época ou nivel educativo independentemente do marco de lexislación e política educativa vixentes nun momento dado.

Música

- Repertorio para o serán, bailes, cancións, pezas instrumentais, audicións, instrumentos...
- Relación entre música tradicional e novas propostas (Tanxugueiras, Baiuca, Fillas de Cassandra...)
- Relación da música tradicional galega con outras culturas
- Instrumentos do cotián (tixola, culleres, sacho...)
- Afinacións

Educación física


- Bailes e xogos populares
- Xogos de ritmo e percusión corporal
- Relación dos bailes e danzas tradicionais galegos cos doutras culturas
- As mudanzas nos hábitos de mobilidade (antes íase andando á festa, a moitos lugares a moitos quilómetros de distancia; hoxe é impensable)

Historia

- Testemuñas vivas da sociedade tradicional; de onde vimos?
- As tradicións na emigración
- Poñer en valor o papel das mulleres na conservación e transmisión da cultura oral / do patrimonio inmaterial
- Traballar os rituais tradicionais vinculados ás festas populares
- Achegarse a un centro da terceira idade a recoller historias das festas de antes
- A importancia da memoria e de non esquecer o propio



O grupo Leilía nos seus inicios



Inés de Naipes, tocadora de pandeira, Piornedo



O grupo Caldo, Santiago de Compostela



Imaxe de Cerqueda, Malpica de Bergantiños



Serán de Toutón, Mondariz

- A memoria democrática: coñecer os procesos de represión do franquismo a través das mudanzas nos hábitos de socialización relacionados co folclore
- Proceso de éxodo rural (impacto que ten na vida en xeral e na transmisión cultural en particular, mais tamén permanencia ou volta ao rural dun xeito consciente, poñendo en valor a cultura tradicional como canle de resocialización)

Idiomas (puntos de encontro como cancións, gastronomía, historia, literatura, libros...)

- Lingua galega: coplas de cancioneros galegos, variantes dialectais por zonas xeográficas, o galego das zonas raianas (León, Asturias...), a prosodia (a fonética da fala trasladada ao xeito de contar)...
- Lingua castelá: coplas dos cancioneros galegos con letra en castelán, letras de cancións recollidas noutras partes de España ou noutros países hispanofalantes
- Lingua de signos (LSE): preparación dunha cantiga para signar
- Inglés: cancións inglesas con versión galegas ou ao revés, cancioneros e xéneros tradicionais nos territorios anglofalantes
- Francés: cancións francesas con versións galegas ou ao revés, cancioneros e xéneros tradicionais nos territorios francófonos
- Portugués: cancións compartidas con Galicia, diferenzas e similitudes nas tradicións relacionadas coa música, baile, festas e outras expresións artísticas

Biología

- O medio natural: festas do ciclo do ano que contan coa natureza (por exemplo os maíos)
- Aspectos biolóxicos relacionados coas prácticas de cantar, tocar e bailar (desenvolvemento, lesións...)
- O vínculo da natureza coa vida (por exemplo os instrumentos musicais ou xogos feitos con elementos da natureza)

Economía

- Economía social e rendibilidade das festas populares
- Os oficios tradicionais e a súa repercusión ou iniciativas actuais
- Instrumentos de prestixio asociados á produtividade económica vs. instrumentos asociados ao ocio / descanso
- Desigualdade de xénero (contraste entre os gaiteiros, que cobraban por armar a festa, e as pandeireteiras, que montaban os bailes após as tarefas agrícolas)

Tecnoloxía

- Investigar sobre as tecnoloxías de gravacións, representacións sonoras e transmisións pasadas
- Empregar as novas tecnoloxías (o blog, o podcast, a radio escolar, o mapeamento virtual...)
- Tecnoloxías asociadas ás prácticas e industrias tradicionais de Galicia (o proceso do liño, do millo...)
- Fabricación de instrumentos

Relixión

- Festas relixiosas e cultura popular

Física e Química

- Procesos químicos na elaboración de produtos como o viño ou de alimentos (pan ou doces tradicionais...)
- Física do son

Matemáticas

- Planificación da superficie necesaria en relación co número de xente, porcentaxes e gastos previstos á hora de organizar unha festa popular

Plástica

- Deseño do espazo do festival, decoración ou aspectos estéticos

Xeografía

- Lugares que aparecen nos vídeos como medio de traballar aspectos da xeografía galega e doutras (destinos da emigración)

Arte

- Baile, música e danzas como manifestacións artísticas populares
- Os filmes que recollen música e baile tradicionais como parte da historia do noso cinema
- Ilustración de coplas
- Creación de cartelaría ou paneis informativos



Medios técnicos de producción musical




Palloza de Piornedo, Cervantes (Lugo)



Ilustración do Traballo de Fin de Grao de Rosalía Portos, un cancionero ilustrado de Liñares

Proposta didáctica
Organizamos unha foliada na escola



Neste apartado, propoñemos algunhas ideas concretas para traballar o documental como recurso educativo e que forman parte dunha proposta didáctica máis ampla. Ao longo de sete pasos, co obxectivo común e preestablecido de organizar unha festa escolar, ofrecemos recomendacións para inspirar aprendizaxes relativas a varias áreas curriculares, especialmente ás de lingua galega e literatura, música e danza, ciencias sociais e educación e valores cívicos e éticos. A proposta está orientada ao derradeiro ciclo de educación primaria, pero confiamos en que moitas destas actividades se poidan adaptar a niveis superiores ou inferiores.

Pode ser que teñas coñecementos sobre tradicións e festas en Galicia, mais pode ser que non, así que imos tentar achegarche diferentes indicacións que te axuden a levar a cabo esta unidade didáctica da forma máis doada. En primeiro lugar, verás unhas orientacións dirixidas ao profesorado, para que che sirvan de guía. En segundo lugar, aparecen as propostas de actividades para o alumnado.

PASO 1

Saber o que é

Por culpa túa, pandeiro, vin esta noite ao serán-he

(Xota de Toutón)

1.1. Orientacións xerais para o profesorado

Neste primeiro paso haberá que familiarizarse coa diversidade de celebracións comunitarias que existen (e que seguimos facendo) en Galicia, para poder situar a nosa festa dentro desta tradición tan rica e variada. No primeiro capítulo do documental, «O serán en Toutón: pasado e presente da festa tradicional», Lucinda Barcia Garrido e a súa filla Montse Alvariño fálannos sobre a súa iniciativa de revitalización do Serán dos Namorados en Toutón (Mondariz), que se celebra de forma anual, en febreiro, dende 1996. Trátase dunha festa moderna, (re)creada, baseada nas xuntanzas tradicionais da zona. Lucinda e Montse comparten as súas lembranzas como participantes nas festas de tempos pasados, interrompidas pola desaprobación institucional e polos cambiantes modos de socializar. Alén diso, descríbennos retos e as alegrías de crear un evento anual que recupera o espírito desta práctica histórica: bailar, tocar e pasalo ben en boa compañía. Polo tanto, este capítulo serve de punto de partida e fonte de inspiración para o noso proxecto.

Outro recurso que pode resultar de utilidade para este primeiro paso é o *Informe Técnico para a Incoación da «Foliada» como Ben de Interese Cultural*. Foi elaborado pola Asociación Galega de Antropoloxía (AGANTRO, 2022) coa intención de apoiar a declaración da festa galega (na súa manifestación de foliada, entre outras) como ben de interese cultural (BIC) do patrimonio cultural de Galicia. Aquí atopamos detalles sobre este tipo de eventos e as súas características, incluída unha definición *etic* (ou *sexa*, dende o punto de vista externo, do investigador):

A foliada é a manifestación musical, festiva, popular específica de Galicia e dos galegos e galegas. Caracterízase por ser unha manifestación social participativa, comunitaria, cun alto grao de improvisación e espontaneidade tanto formal como musical, na que se producen simultaneamente o canto, o baile e a práctica instrumental da música tradicional galega, entendida esta como o resultado, aberto e en constante dinamismo dos diversos e numerosos procesos de transmisión, creación, selección e incorporación dos saberes e patrimonios musicais relacionados co ben (2022: 7).

Tamén se atopan descrições e experiencias dende a perspectiva emic (dende o punto de vista interno), na forma de testemuños recollidos e literalmente citados (Anexo 1), mais denominacións características segundo as zonas xeográficas de Galicia (Anexo 2). Son dous recursos que se poden utilizar na aula (ver algunhas recomendacións a continuación).

1.2. Actividades recomendadas co alumnado

ACTIVIDADE 1

/ PASO 1

Que significa a foliada para min?

Buscade no Anexo 1 do documento *Informe Técnico para a Incoación da «Foliada» como Ben de Interese Cultural* tres definicións que vos gusten sobre o que é a foliada. Non vos esquezades de reparar en se hai algunha da vosa zona! Son citacións directas de entrevistas con persoas que participan nese tipo de eventos e nas que describen os seus puntos de vista. Chamámoslles a estas perspectivas *emic*, por expresaren definicións baseadas na propia experiencia. Podemos pensar en qué se diferencian das perspectivas *etic*, que son definicións establecidas por fontes oficiais ou académicas (por exemplo, por un dicionario ou por unha organización como a ONU).

Comparede as definicións *emic* que seleccionastes coa definición *etic* que se pode atopar na páxina 7 do devandito documento. Coinciden? Falta algo nalgunha delas?

* **Nota para o profesorado:** pódese interpretar «a vosa zona» como a zona do centro educativo, o lugar de orixe de membros da familia ou incluso como unha zona que lles gusta. A idea é personalizar esta actividade para que sexa máis interesante e que se xere un debate sobre os diversos motivos das seleccións feitas. Tamén sería unha boa oportunidade para introducir os conceptos etnográficos de *emic* e *etic* a propósito dos exemplos.


ACTIVIDADE 2

/ PASO 1

Termómetro histórico: un pouco de historia

Abrimos un espazo na aula dividido en dous por unha liña ao medio (debuxada con xis, por exemplo). Reunímonos no centro, mentres que o profesor ou profesora presenta unha serie de declaracións. Para cada frase pronunciada, situámonos segundo o noso grao de concordancia: as persoas que estamos totalmente de acordo, á esquerda; as que estamos fortemente en desacordo, á dereita, e as que non temos claro o noso posicionamento, nun sitio do medio que mostre fisicamente o noso grao relativo de acordo / desacordo. Agora abrimos a fase de debate e, a medida que un individuo xustifique a súa resposta, o resto teremos a oportunidade de axustar as nosas posicións. Ao final, comprobamos polas fontes a ver quen acertou!

* **Nota para o profesorado:** utilizamos a dinámica do termómetro para provocar e estruturar o debate na aula, e para que o alumnado vaia aprendendo información histórica dunha forma participativa e lúdica. Ao final, recomendamos que se mostre directamente a fonte (texto ou vídeo) da información. Preparamos unha selección de declaracións para empezar, coas súas correspondentes fontes.



A) Cando a xente emigrou, volveu cada ano e, a medida que foron crescendo as familias, as foliadas medraron e incorporaron músicas e bailes doutras latitudes.

FALSO

En palabras de Orestina Justo, tocadora tradicional de Liñares (Avión), cando a xente emigrou a México e outros países, volveu cada vez menos polos fortes procesos de emigración, «acabouse a festa, acabou a pandeirada».

B) Á parte de pandeiretas, as mulleres tocaban outros instrumentos de percusión de man nas festas comunitarias.

VERDADEIRO

No capítulo 1, Lucinda Barcia Garrido toca o legón (que tamén se chama sachó, sacha, laia ou aixada noutras zonas de Galicia). No capítulo 3, Sira Paz e Orestina Justo falan sobre a importancia da lata de pemento en Liñares. O capítulo 2 está dedicado á Festa Anual da Pandeira en Piornedo, un instrumento que se tocaba nas zonas montañosas da serra dos Ancares (situada en comarcas galegas, asturianas e leonesas).

C) As mulleres tocaban e cantaban soas ou en pequenos grupos, e íanse rotando entre elas ao longo da festa.

VERDADEIRO

Lucinda explica como as mulleres, ela incluída, rotaron para tocar, porque realmente tiñan moita gana de bailar.

D) Entre as razóns polas que as foliadas comezaron a desaparecer, cales destas pensas que figuran?: prohibición por parte do réxime ditatorial, desaprobación por parte das autoridades eclesiásticas ou cambio de modas musicais. Usa a dinámica de termómetro para responder.

VERDADEIRO

Todas estas razóns da desaparición dos seráns tradicionais son citadas polas dúas mulleres entrevistadas no capítulo 1 do documental.

E) As foliadas tradicionais celebrábanse nos meses de xullo e agosto.

FALSO

Segundo o Informe Técnico para a Incoación da «Foliada» como Ben de Interese Cultural, «[n]ormalmente organizábanse no tempo de inverno, entre o mes de outubro e o Entroido, constituíndo esta festividade o remate do tempo de foliadas. Tradicionalmente o fiadeiro comezaba o día de Todos os Santos e remataba co Martes de Entroido. Os días de celebración variaban dunha tempada a outra e dunhas zonas a outras de Galicia. Estas xuntanzas corresponden co tempo do ano no que, normalmente, non se celebraban as festas patronais e, xa que logo, non había verbenas. Polo que os seráns constituían un xeito de se xuntar e gozar da música e o baile, unha alternativa á monotonía diaria de duro traballo propio da sociedade agraria, unha oportunidade, en definitiva, para divertirse e socializar no tempo da invernia no que as relacións sociais vense limitadas» (2022: 12).

Unha morea de nomes

Indagade no significado destes termos, ou con que elementos sociais ou lingüísticos están asociados: polavila, ruada, foliada, serán, pandeirada, fiandón, xunta.

Ademais destes nomes, existen outros dependendo da zona territorial. Como lle chaman na vosa?


* **Nota para o profesorado:** recomendamos que se acompañe esta actividade con imaxes que evoquen o significado deses termos, para que o alumnado faga a asociación. Por exemplo, o fiandón asóciase ao traballo de fiar, polo que aconsellamos a utilización dalgunha imaxe do material téxtil ou da propia acción do fiado. Pódese ter preparada de antemán, ou apoiar o alumnado na súa propia procura de imaxes representativas por Internet.

Mapeamos

Esta actividade consiste en realizar un mapa colaborativo que chamaremos «Galicia cultural». Investigaremos sobre como se lle chama á foliada nos diferentes territorios galegos. Empezade por colocar os termos que atopamos na actividade anterior na súa zona xeográfica. Sabemos dalgún máis que queiramos incluír?

Para seleccionar nomes que nos chaman especialmente a atención recoméndase recorrer ao *Informe Técnico para a Incoación da «Foliada» como Ben de Interese Cultural* (Anexo 2, pp. 62-63).

* **Nota para o profesorado:** para esta actividade é recomendable imprimir en formato, como mínimo, DIN A3 un mapa de Galicia. Pódese traballar cun «mudo» ou cun que recolla os nomes das comarcas, vilas... Iso dependerá das diferentes temáticas que queiras traballar en conexión con esta unidade. Proporcionamos, máis abaixo, un exemplo. Este formato permitiría fixar con chinchetas ou algo similar os termos nas súas zonas correspondentes.



Exemplo dun mapa de Galicia para elaborar a actividade «Galicia cultural»:
Fonte: <https://gl.wikipedia.org/wiki/>

E a nosa festa?

Visionamos na clase o primeiro capítulo do documental *Axudádeme a cantar*, «O serán en Toutón: pasado e presente da festa tradicional». Despois, respondedes algunhas preguntas sobre a organización do Serán dos Namorados, que se celebra cada 14 de febreiro dende 1996 en Toutón, e empezamos a pensar en varias cuestións relacionadas coa planificación da nosa festa.

Neste vídeo, dúas mulleres cóntannos o seu proxecto de recuperar a tradición dunha festa na súa vila creando o Serán dos Namorados. Tiveron moito éxito; veremos que, con máis de 25 anos, esta celebración segue crescendo ata o punto de que, segundo elas, case non queda espazo para bailar! Prestamos especial atención ás decisións que tiveron que tomar.



Lucinda Barcia Garrido e a súa filla Montse Alvaríño

A) Lucinda comenta que os seráns tradicionais de Toutón desapareceron en 1965 e, logo, se retomaron en 1996. Que se cita como fonte de inspiración para esta decisión?

* **Nota para o profesorado:** cítanse as recollidas; no minuto 5:50, Montse nomea a Xisco Feijóo, a integrantes do grupo musical Leilía e a Luís Prego, persoas que participaron na onda de recollidas de música e baile de tradición galega e que foron preguntar por xente que tocara a pandeireta. O capítulo 4 está dedicado a este proceso (tamén se entrevistan outras persoas que participaron igualmente no labor) e Leilía figura no capítulo 6 como un dos grupos importantes na escenificación destas músicas.

B) Ten algunha relación co calendario tradicional a data que seleccionaron (o Día dos Namorados, o 14 de febreiro)? Por que pensades que escolleron esta data?

* **Nota para o profesorado:** realmente non ten nada que ver co calendario tradicional e no documental non dan ningunha razón en particular. A partir do minuto 6:05, Lucinda fala sobre o proceso de decisión: «empezaron a dicir cando se facía e como se facía, viña o mes de febreiro, o Día dos Namorados, e quedoulle o Serán dos Namorados». Este punto serve para reflexionar sobre a data da nosa festa, que se aborda de forma directa no seguinte bloque de preguntas, pero aquí sería interesante resaltar que, no caso da recuperación do serán en Toutón, elixiron unha data por comodidade, por coincidir con outra que se celebra hoxe en día, e que as nosas decisións poden estar baseadas en factores similares.



Foto antiga do Serán dos Namorados de Toutón

C) Como se compara o tamaño do Serán dos Namorados con respecto aos seráns tradicionais? Como pensades que o número de participantes pode afectar, de forma positiva ou negativa, a calidade dunha festa? Cantas persoas estimamos que poderán participar na nosa? Como a deberíamos planificar segundo este factor (en termos de espazos, recursos...)?

* **Nota para o profesorado:** no minuto 6:20, Montse e Lucinda describen como a participación no Serán dos Namorados foi aumentando cada ano ata ter que buscar unha carpa máis grande e que houbo xente que deixou de ir porque non había espazo para bailar.

D) Que polémica xurdiu sobre o tipo de instrumentos que tocaban no Serán dos Namorados? Que opinades sobre este cambio na recuperación do serán de Toutón, con respecto ao tradicional?

* **Nota para o profesorado:** tradicionalmente, eran as mulleres as que tocaban a pandeireta, sen máis instrumentos. Cando empezaron a engadir outros no Serán dos Namorados, houbo protestas, que se describen a partir do minuto 6:45, en concreto sobre a inclusión de gaitas e grupos con formación de «charanga» (que inclúen percusión e varios instrumentos de vento).

E) Pensamos nas decisións que teremos que tomar nós para crear a nosa propia festa (foliada, polavila, serán...) escolar. Por exemplo:

- Que data queremos elixir?
- Que nome lle queremos poñer?
- Onde queremos celebrala?
- Que tarefas temos que completar? Por suposto, preparar músicas e bailes, pero que máis?

* **Nota para o profesorado:** esta actividade serve para estruturar a planificación inicial, que se concretará nos seguintes pasos. No Paso 7, o último desta proposta, elaboramos comisións específicas para que o alumnado (co apoio de membros da comunidade escolar que queiran participar) poida dividir estas responsabilidades. Utilízase a experiencia de Toutón para inspirar ideas e debates frutíferos, por exemplo acerca de que elementos das tradicións reproducir e cales non. Estes temas revisarémolos máis en profundidade nos seguintes pasos da proposta, pero é boa idea abrir agora tales liñas de debate.

PASO 2

Crear comunidade

Oliveira de cen anos bota raíces de prata

(Xota de Laxoso)

2.1. Orientacións xerais para o profesorado

A comunidade é un elemento esencial vinculado ás festas. A vida en comunidade é algo que caracterizou a forma de relacionarse da sociedade galega durante moitos anos. Neste sentido, a festa era un momento de reforzar e manter eses vínculos. O centro educativo tamén forma unha comunidade, que inclúe non soamente as persoas que estudan ou traballan neste contexto, senón tamén as familias e a bisbarra onde se atopa.

Volvendo ao informe publicado pola Asociación AGANTRO, *Informe Técnico para a Incoación da «Foliada» como Ben de Interese Cultural*, vemos que se considera a foliada como patrimonio inmaterial que pertence á comunidade galega, «aberta, heteroxénea» e «en fluxo constante de persoas e colectivos», facendo fincapé en que:

[...] dende finais dos anos 70 do século XX, teñen sido moitas as persoas con nomes propios, moi especialmente mulleres, as que en múltiples lugares de Galicia, teñen portado a memoria do patrimonio musical oral galego, compartido [sic] con xenerosidade os seus saberes con investigadoras, compiladoras, mestres de canto, baile e / ou práctica instrumental, artesáns, artistas e intérpretes, e persoas afeccionadas e interesadas en xeral no universo musical tradicional galego (2022: 25).

O documental *Axudádeme a cantar* pretende recoñecer e visibilizar estas persoas que AGANTRO define como portadoras desta memoria colectiva deste patrimonio, pero no seu capítulo 4, «Historia da compilación musical nos grupos folclóricos», o enfoque está dirixido aos primeiros procesos de recompilación destes saberes. Estas persoas novas e entusiastas sen formación especializada nin apoio institucional representan a xeración de compiladoras e compiladores que, ao longo das décadas dos 80 e 90, percorría as vilas e aldeas na procura de bailes, música e cantigas para alimentar os repertorios dos grupos folclóricos. Neste capítulo, esta vaga de recompilacións está representada por María Vidal (Pontevedra), Olga Kirk (A Coruña) e Xabi Iglesias (Lugo). O seu labor acompaña e aumenta os resultados das poucas investigacións científicas que existían no seu tempo, entre elas o *Cancioneiro popular galego*, producido en sete volumes pola musicóloga suíza Dorothe Schubarth, que empezou a percorrer as aldeas de Galicia en 1978 acompañada polo lingüista galego Antón Santamarina.

Neste paso, comezamos por facer unhas consultas informais sobre as persoas ao noso redor para empezar a crear a nosa propia memoria colectiva, e, logo, sistematizamos este proceso para deseñar un proxecto de investigación que teña como obxectivo indagar sobre as experiencias co patrimonio inmaterial musical dentro da nosa comunidade escolar. Asegurámonos tamén neste paso de incluír persoas e colectivos con raíces culturais diferentes ás que se consideraban patrimonio galego, recoñecendo que esa diversidade enriquece a nosa comunidade. Un exemplo interesante disto pode ser Batuko Tabanka, unha agrupación de música de tradición caboverdiana afincada en Burela.

2.2. Actividades recomendadas co alumnado

ACTIVIDADE 1

/ PASO 2

A nosa foliada comunitaria

Antes de organizar a nosa propia festa, construímos un pouco de «memoria colectiva» entre nós, e tamén entre todas as persoas que pertencen á nosa comunidade escolar.

A) Primeiro reflexionamos sobre as nosas propias experiencias e, logo, empezamos a consultar coa xente ao noso arredor sobre as súas:

Quen sabe bailar, cantar ou tocar algún instrumento tradicional de Galicia? E algún tradicional doutras comunidades? Quen participou algunha vez nunha festa tradicional (nunha foliada, ou noutro tipo de festa dos que investigamos no primeiro paso)? E nunha tradicional doutras comunidades? Describide un pouco estas experiencias, pensando nas palabras interrogativas que serven para indagar: cando, como, por que...

B) Despois, identificamos persoas que poden desenvolver un papel importante na organización, porque saben algo de música ou baile tradicionais, porque posúen experiencia en organizar ou participar en foliadas, porque teñen outras capacidades (para elaborar receitas, contar historias...) que queremos incorporar ao evento.

C) Finalmente, compartimos toda esta información na clase e creamos un soporte para rexistrar a memoria colectiva da nosa comunidade.

* **Nota para o profesorado:** esta actividade está concibida para activar os coñecementos preexistentes e indagar sobre experiencias de persoas próximas. Alén diso, serve de paso preliminar á pescuda máis formal que se propón máis adiante. Recomendamos empezar unha conversa sobre este tema na aula, entre o alumnado presente, deixar uns días para falar acerca del con outras persoas da comunidade escolar e, finalmente, compartir a información recadada de xeito oral na clase. O soporte para o facer pode variar segundo os intereses e tratarse tanto de algo privado (un caderno con información, contactos...) como de algo máis público (un mural en que a xente mostra fotos, comentarios, lembranzas...).

ACTIVIDADE 2

/ PASO 2

Como sabemos o que sabemos sobre as tradicións galegas?

Visionamos na clase o cuarto capítulo do documental *Axudádeme a cantar*, «Historia da compilación musical nos grupos folclóricos». Revisamos antes as preguntas, que nos axudarán a centrarnos en certos temas importantes cando vemos o capítulo.

Logo, falamos entre todas e todos para comparar as nosas respostas ás seguintes preguntas:

A) Segundo as tres persoas entrevistadas, Olga Kirk, Xabi Iglesias e María Vidal, cales foron os obxectivos das compiladoras e os compiladores dos anos 80 e 90 de iren ás aldeas galegas para recoller músicas e bailes tradicionais?

* **Nota para o profesorado:** falan de recoller material para os seus grupos folclóricos e tamén dun espírito de competición (sacar o material máis interesante para o seu grupo). Así mesmo, falan dunha preocupación por rexistrar tradicións antes de que se perdesen.



Olga Kirk, Xabi Iglesias e María Vidal

B) Como organizaron o seu traballo (identificar informantes, gravar, almacenar datos...)? Que pensades destas metodoloxías?

* **Nota para o profesorado:** colleron o coche para ir a unha aldea, chamaron a xente que sabía bailar e tocar e gravárona con cintas. Podemos, daquela, falar dos cambios de tecnoloxías (cintas de gravación vs. gravadoras electrónicas / teléfonos móbiles de hoxe en día). De todos os xeitos, o interesante para resaltar aquí é a cuestión de como identificar estas persoas; neste sentido, haberlle que dar ao estudantado algo de contexto: nos anos 80 e 90 non había o interese que temos hoxe por estas tradicións (na actualidade dispomos de vídeos de YouTube, documentais, foliadas, clases en grupos folclóricos...). Ademais, sería interesante reflexionar sobre a dificultade de achegarse a esas persoas, que moitas veces vivían en aldeas moi afastadas das zonas urbanas onde habitaban as e os autores das recollidas. Con respecto á almacenaxe, María fala moito ao respecto: cada compilador ou compiladora gardaba as gravacións na súa casa, o que provoca problemas de mantemento e de acceso por parte do público. Tamén podemos aproveitar aínda para comentar a importancia das bases de datos públicas, como o Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) do Museo do Pobo Galego, á hora de preservar e ter dispoñibles eses datos.

C) Que dificultades e limitacións tiveron?

* **Nota para o profesorado:** mencionan limitacións en termos económicos e de material (eran persoas novas, sen cartos, con recursos limitados, e rompíanselles e acabábanselles as cintas). Tamén falan da reticencia das persoas a seren entrevistadas e da dos seus familiares. A propósito desta pregunta, quizais sexa especialmente importante facer énfase nos erros, comentados, sobre todo, por Olga: como tiveron obxectivos concretos (recoller repertorio para as súas agrupacións folclóricas) e nada de formación en investigación, perderon a oportunidade de preguntar cousas relevantes (os nomes, idades...). Podemos aproveitar para falar da importancia de adoptar unha perspectiva científica (planificación previa, sistematización da recollida de datos...) porque imos poñer algo diso en práctica nas actividades posteriores.

D) Que posibilidades ven para o futuro das recollidas?

* **Nota para o profesorado:** Olga e María falan disto e parece que están de acordo en que se pode seguir recollendo material. Olga, profesora e directora de baile da Asociación Cultural Donaire (A Coruña), describe a práctica de entrevistar e gravar as súas avoas e os seus avós. Podemos falar desta e mais doutras posibilidades de investigar sobre as prácticas tradicionais.

Investigamos nós!

Posto que xa sabemos algo sobre as persoas que investigaron acerca das tradicións e festas comunitarias de Galicia, por que non probamos nós algo similar? Na actividade 1 tivemos conversas entre nós e consultamos con outras persoas as experiencias delas. Agora imos deseñar un estudo máis estruturado, utilizando métodos científicos para:

- Crear unha mostra de participantes
- Deseñar unha entrevista
- Recoller datos
- Analizar os resultados
- Preparar un informe
- Devolver os achados á xente que participou

* **Nota para o profesorado:** esta actividade está concibida para emular un ciclo de investigación etnográfica utilizando métodos de corte cualitativo característicos das ciencias sociais, en especial da socioloxía e da antropoloxía. Pódese centrar de maneira específica en temas directamente relacionados coa elaboración da foliada (coa música, co baile...), pero tamén se pode abrir a outros aspectos tradicionais, como a artesanía, repostaría, oficios... A actividade consiste na elaboración de entrevistas semiestruturadas, ou sexa, en preparar un guión de temas que abordar, pero, ao mesmo tempo, utilizando preguntas abertas que permitan que as persoas entrevistadas colaboren con detalles. Para saber como facer unha recolla pódese seguir [este manual de recollida de testemuños orais](#) (ver especialmente as páxinas 3-5, nas que se dan recomendacións para preparar e levar a cabo unha entrevista).

Os pasos que seguir son os seguintes:

A) Establecer unha mostra

Localizade a persoas, dentro ou fóra da comunidade escolar (compañeiras e compañeiros, profes, familiares, veciñanza...) que saiban bailar, cantar ou tocar ou que teñan memoria de foliada. Pódese empezar cunhas das persoas identificadas na actividade 1. Creade unha lista, apuntando as razóns da selección. Conseguide o seu consentimento para participar, explicando como se vai facer (mediante unha entrevista) e para que (para indagar sobre a participación nas tradicións galegas, sobre todo relacionadas coas festas, pero pódense engadir outros aspectos). Ao final, prepare un esquema de entrevistas no que indiqueades a persoa para entrevistar, a data, hora e lugar concertados e mais a persoa ou persoas que van levar a cabo a entrevista.

B) Deseñar o instrumento, o guión das entrevistas

Que queremos saber? Facede un guión sobre aquela información que vos pareza importante recoller. Lembrádevos das entrevistas que vimos no documental, que poden servirvos de guía (as persoas entrevistadas falan de como, cando e onde se organizaban, explican por que, comparten metas e retos...). Queremos que as persoas entrevistadas por nós se atopen cómodas para que conten as súas experiencias e compartan as súas opinións con detalle. Polo tanto, elaboramos unha serie de preguntas abertas, axustadas ao seu perfil; por exemplo, a unha persoa que toca a pandeireta podemos preguntarlle cando comezou, por que lle parece interesante, en que contextos toca, como son as cancións, cales son as que máis lle gustan...

C) Recoller datos

Levade a cabo as entrevistas, que se deben distribuír de forma equitativa entre o grupo, prestando atención aos intereses e / ou á relación coa persoa entrevistada. Lembrade rexistralas. Recomendamos que as gravedes, para poder volver escoitar toda a información cando o precisades.

En todo caso, sempre convén apuntar información durante a entrevista e, logo, engadir detalles despois (coa axuda da gravación, se a hai).

D) Analizar os resultados

Que aprendemos? Reflexionade sobre as entrevistas: cales son os aspectos especialmente interesantes? Elaborade un resumo para compartir co resto do grupo. Cando se remate con todas as entrevistas, facede unha posta en común, comparade os resultados. Hai puntos en común entre as entrevistas? E contrastes significativos? Que pensamos nós sobre esta información (está ben que...; é unha mágoa que...; quizais pasa X porque...; quizais no futuro pode pasar...)? Con este tipo de preguntas, realizamos unha interpretación dos resultados, ou sexa, as nosas propias reflexións sobre os datos recollidos. Se identificamos puntos que queremos aclarar ou ampliar, podemos pedir máis información da persoa entrevistada, para, logo, engadila aos apuntamentos.

E) Preparar un informe

Despois de analizar datos por medio da posta en común (arriba), elaborade un informe final que resuma a información recollida. Debería incorporar datos dos resumos individuais (os resultados) e mais das reflexións de todos os membros do equipo (a análise).

F) Devolver os achados á xente que participou

Preparade unha presentación, para comunicar os resultados ás persoas que participaron. Este paso é importante, cómpre devolverlles algo ás persoas que, coa súa participación, fixeron posible a nosa investigación. Tamén se pode incluír un público máis amplo que estea interesado no tema. Esta presentación pódese elaborar de forma presencial (por exemplo, organizando un evento divulgativo no que se comuniquen, de forma oral, os achados). En todo caso, será boa idea habilitar unha canle de comunicación (oral, escrita...) para recibir comentarios. Isto servirá para confirmar que o que nós dicimos non difire do que as persoas nos contaron (os detalles son correctos?, están de acordo coas nosas interpretacións?).

ACTIVIDADE 4

/ PASO 2

Investigamos máis alá: o mundo festeiro

Que máis músicas tradicionais coñecedes? Investigade sobre os seus nomes, se gardan relación cos traballos ou os lugares onde se organizaban. Podedes consultalo con persoas do noso colexio, ou con membros das vosas familias ou comunidades en xeral, que saiban doutras tradicións. Como fixestes na actividade anterior, non soamente recolleredes información concreta, senón tamén as experiencias e reflexións das persoas participantes.

* **Nota para o profesorado:** asegúrate de que se inclúen as tradicións *romanís* / *xitanas* / *ciganas* do territorio onde habitan as persoas informantes correspondentes, sexa Galicia ou outra comunidade ou país. Tamén podemos explorar o resto do mundo, por medio das comunidades de orixe migrante asentadas na zona do colexio. Se non atopamos alumnado ou familiares para entrevistar, podemos contactar con asociacións ou algunha ONG que representen varios colectivos. Esta actividade pódese levar a cabo de forma informal (coma a actividade 1) ou máis estruturada (coma a actividade 3).

Estendemos o noso mapa: «Mundo cultural»

Xa realizamos o mapa colaborativo «Galicia cultural», agora podemos ampliar a nosa visión para crear outro, «Mundo cultural». Segundo as procedencias das persoas informantes da actividade 4, mapeade termos utilizados noutras tradicións de dentro e fóra do territorio español. Tamén poderdes engadir outra información a maiores (o nome da persoa entrevistada, por exemplo).

* **Nota para o profesorado:** a intención desta actividade é ampliar e diversificar a nosa idea de «comunidade» para 1) incluír a diversidade de tradicións representadas na comunidade escolar e 2) recoñecer as semellanzas, sobre todo a tendencia de alegrar a vida rutineira e aliviar os traballos duros con pequenas festas comunitarias. Igual que coa actividade 5 do paso 1, recomendamos imprimir un mapa en formato, como mínimo, DIN A3, esta vez que englobe os territorios aludidos no traballo feito na actividade anterior.

PASO 3

Planificar o baile comunal

Entrar no baile a bailar-e

(Xota de Zobra)

3.1. Orientacións xerais para o profesorado

En Galicia, coma no resto do mundo, o baile comunal transmitiuse xeracionalmente como ferramenta de socialización e cohesión grupal, e foi constituíndose como elemento vertebrador da comunidade en encontros que se suceden en calquera momento do ano, por todo o territorio galego e en diferentes contextos e denominacións: ruadas, foliadas, seráns, repichocas, polavilas... (como xa exploramos no Paso 1 desta proposta). Encontros interxeracionais, participativos e cun alto grao de organización comunitaria que dan lugar a espazos abertos, en constante dinamismo e en diálogo co pasado, presente e futuro.

O baile é unha das partes da cultura galega que está máis viva grazas a unha constante evolución producida a través da variación que xorde tanto das achegas individuais como da selección que a comunidade, xeración tras xeración, vai facendo sobre o que considera beneficioso para ela. Polo tanto, neste paso tratamos o baile cun enfoque crítico canto á reprodución do folclore e, sobre todo, dende a perspectiva de xénero.

No primeiro capítulo do documental *Axudádeme a cantar*, vimos a Lucinda Barcia Garrido e á súa filla Montse Alvariño explicándonos como os seráns tradicionais, que no seu momento serviron como eixe social da comunidade, desapareceron por varias razóns, incluídas a da desaprobación institucional e a da introdución de novas modalidades musicais que se consideraban máis modernas e máis interesantes, por vía das que no seu momento foron as novas tecnoloxías (primeiro da radio e, logo, da televisión).

Mentres que as tradicións de Galicia se desenvolveron no seo dunha sociedade agraria de poboación dispersa, no século XX estiveron suxeitas a procesos de (re)descubrimiento e extensión ás grandes urbes. Os coros históricos de Galicia, entre eles Aires da Terra (Pontevedra, 1883), Cántigas da Terra (A Coruña, 1916), Cántigas e Aturuxos (Lugo, 1917), Coral De Ruada (Ourense, 1918) e Cantigas



Carme Iglesias, María da Pontragha e Maca Rodríguez

e Agarimos (Santiago de Compostela, 1921), popularizaron estes costumes ao recrearen algunhas cancións de tradición oral cunha estética propia (coralizada, escenificada, enxebre e estandarizada, e mesmo incluíndo unha reinterpretación do traxe tradicional). A Sección Femenina da Falanxe, coa práctica de escenificar nos palcos das cidades a súa interpretación particular da cultura «rexional», desempeñou un papel importante na súa folclorización. Como vimos no Paso 2 desta proposta, nos anos 80 e 90 empezaron a aparecer novas maneiras de transmitir estes coñecementos, froito do interese xurdido entre algunha xente nova, sobre todo das zonas urbanas, de descubrir e deixar rexistradas as súas propias raíces.

Neste Paso 3 da proposta didáctica, utilizaremos como recurso central o capítulo 5 do documental *Axudádeme a cantar*, «As novas raíces: resocializando o rural a través da música tradicional», para analizar a tradición do baile comunal. Carme Iglesias e Maca Rodríguez contan como, dende unha asociación de mocidade da aldea da Pontraga (Tordoia), conseguiron repensar esta realidade aprendendo directamente das mulleres maiores da localidade. Ademais, Icíá Varela e Mar Suárez revelan un proceso parecido de autodescubrimiento en Cerqueda (Malpica de Bergantiños) a partir de darse conta do tesouro que posuían dentro da propia comunidade. Estas mulleres mostran como a música de tradición oral e o baile comunal serviron, e seguen servindo, de ferramentas potentes para fortalecer a identidade, o apego territorial e as relacións sociais da comunidade local.

3.2. Actividades recomendadas co alumnado

ACTIVIDADE 1

/ PASO 3

Danza, baile, agarrados, soltos... De que estamos falando?

A quen lle gusta bailar? Que bailades e cando o facedes? Saberiades dicir cantos tipos de danzas ou bailes hai en Galicia? Que outros bailes ou danzas que representen a identidade dun pobo coñecedes? Algunha vez asististes a unha festa onde estivesen presentes os bailes ou danzas tradicionais?

* **Nota para o profesorado:** poden introducirse exemplos con vídeos do que son os diferentes bailes ou danzas, mais a nosa recomendación é comezar primeiro cun debate aberto sobre os propios coñecementos e experiencias previos. En función dos comentarios do alumnado, pódese introducir a diferenza entre danza

e baile, establecida pola antropoloxía cultural. No entanto, hai que ter en conta que tamén se lle chamaba danza a un tipo de baile agarrado e que a muiñeira corrida se baila agarrada, polo que as definicións nunca se deben tomar como algo estrito ou pechado, senón que poden axudar a reflexionar sobre a riqueza deste tipo de manifestacións.

A) Danzas

Por danzas entendemos aquelas que teñen un significado ou orixe de tradición moi antiga e que contan cunha coreografía, indumentaria e data marcadas. Poden ir acompañadas de elementos vistosos como fitas, arcos, paus, espadas ou castañas, e xeralmente eran bailadas nas procesións por gremios e confrarías, para pediren polo beneficio dos seus respectivos traballos. Son exemplos de danzas a dos Mariñeiros ou Mareantes, en Betanzos; a de Damas e Galáns, en Cangas do Morrazo; a das Espadas de Carril, Baiona e Marín, e a das Penlas, en Redondela, así como outras moitas por toda Galicia.

Algunhas danzas eran bailadas só por homes e podes atopar un mapa e máis información ao respecto neste artigo sobre «As escuras danzas brancas». Tamén recomendamos como recurso informativo o capítulo do programa *Alalá* dedicado ao tema: «*Alalá* n.º 93: Danzas de Reis de Ríofrío». As danzas gremiais, ou «danzas brancas», foron prohibidas en dous momentos históricos: primeiro, no século XVIII, cando Carlos III asinou a Real cédula de 1777, que indicaba que estes bailes poderían afectar a devoción ou provocar desordes nas procesións, e, máis tarde, durante o franquismo, xa que algúns curas non as vían axeitadas.

B) Bailes

Por bailes entendemos aqueles que son espontáneos, sen ningún significado aparente e executados co obxectivo de divertirse nun contexto lúdico-social. Fanse compasadamente, pero sen seguir normas rixidas. Son abertos, sen límite de idade e apréndense por observación e imitación, ao tempo que permiten a liberdade individual de estilos e a libre creación, polo que van cambiando co paso dos anos.

Dentro do baile temos dúas grandes variantes: unha na que se baila ao par da parella e que se adoita chamar «baile agarrado» e outra na que, bailando coa parella, facémolo á vez en colectivo e que recibe o nome de «baile solto». En realidade, esta nomenclatura refírese ao xeito de bailar: ou ben agarrado á parella, ou ben fronte a ela sen agarrarse. Dentro dos bailes agarrados están a mazurca, a polca, o pasodobre, o valse ou a rumba. A maioría chegaron de fóra de Galicia, polo Camiño de Santiago ou a través das clases altas. Dentro dos bailes soltos, ou coa parella solta en fronte de nós, atopamos a muiñeira e a xota.

Igual ca na música, no baile existe a influencia de diferentes pobos, tanto limítrofes a Galicia como doutras partes do mundo. O feito de haber unha importante migración, as rutas comerciais e outros factores producen unha continua transformación, de xeito que mutan algúns elementos dos nosos bailes ou se incorporan a eles outros novos.

Xogo de palmas

Pasamos á acción; de forma lúdica imos introducirmos no baile. Por parellas, imos realizar un xogo de palmas co tema «O mercado» de María Fumaça. Teredes que crear o voso propio xogo ao ritmo da cantiga e, logo, aprenderemos as diferentes versións del.

* **Nota para o profesorado:** para unha visión totalmente lúdica, podes botar man das propostas da [Escola Semente](#). Ademais, en realidade podes usar calquera cantiga tradicional ou axeitada para a idade coa que vas traballar. Tes moitas opcións nesta páxina dedicada a [recursos musicais relacionados co patrimonio lúdico](#).

Xogo-danza Mazarico

Imos xogar bailando. Aprendemos o xogo-danza Mazarico en tres pasos, para poder cantar, mover o corpo e xogar coas mans á vez:

A) Aprender unha letra

En primeiro lugar, aprendemos a cantiga deste xogo dando palmas para marcar os pulsos.

LETRA

*Millo verde, millo verde, millo verde miudiño,
á sombra do millo verde namorei un rapaciño (bis).
Mazarico, pico, mazarico, pico, quen te deu a ti ese tremendo pico? (bis)
Ai, ai, meu mazaricán, sol da miña vida, dáme a túa man.
Ai, ai, meu mazaricón, sol da miña vida, do meu corazón.*

* **Nota para o profesorado:** podes atopar diferentes versións aquí: <https://orellapendella.gal/pico-pico-mazarico/>

B) Aprender os cruzamentos

Formando unha roda de parellas enfrontadas, repetimos a cantiga practicando o cruzamento de desprazamento e mans da segunda parte do xogo-danza, tal como se pode ver [neste vídeo](#).


C) Poñer en marcha a roda do xogo

Nunha roda de parellas enfrontadas, comezades a cantar e dar palmas avanzando ata completar a coreografía deste xogo-danza, tal como se ve no vídeo.

* **Nota para o profesorado:** para saber máis sobre este tipo de propostas, podes consultar o libro *Para cantar e bailar* de Luís Prego ou o vídeo «A caminho de Viseu». Hai moitos máis recursos, pero vixia que neles non se estean reforzando os estereotipos de xénero, pois hai algúns que caen niso. Por exemplo, ás veces dáselle o rol de guía ao xénero masculino, ao que tamén se lle manda bailar con máis forza, mentres que ao feminino se lle asigna un rol pasivo con movementos máis sinuosos. Aínda que a transmisión dos bailes foi adaptada a un modelo ideal de feminidade e masculinidade que promoveu a Sección Femenina, hoxe en día non deberíamos reproducir estes estereotipos e moito menos nun contexto educativo. Podes ver estas pímulas, que explican estas cuestións:

- Obradoiro Bailar cos Tempos - [Escoller parella](#)
- Obradoiro Bailar cos Tempos - [Sacar o punto](#)
- Obradoiro Bailar cos tempos - [O xeito de bailar](#)

Tamén che recomendamos o recurso en liña *Um lote de dicas para bailar em igualdade*, onde atoparás unha explicación moi completa. Se traballas con alumnado maior, podes utilizar o [vídeo sobre como romper con estereotipos de xénero nos bailes de salón dunha charla TED](#) (lembra que permite subtítulos e que os bailes de salón non son o mesmo ca os nosos bailes agarrados). Por se aínda queres máis información sobre os estereotipos de xénero na transmisión do baile, propoñémosche esta lectura: «[Andar cos tempos: Unha análise vivencial dos estereotipos sexistas na transmisión do baile tradicional galego](#)» (pp. 67-83).



Persoas bailando en Tordoia

Bailar co ritmo

Imos aprender algúns ritmos do baile agarrado, primeiro collendo os ritmos básicos e, logo, practicando os pasos:



A) Entrar no pulso da música

Pola aula / ximnasio, cada persoa ao seu ritmo, desprazádevos sentindo os pulsos da música. Os pulsos son como o latexar da música. En cada latexo tedes que dar un paso.

- * **Nota para o profesorado:** coa idea de ir familiarizándonos cos ritmos que imos bailar, poden introducirse música de pasodobre ou marchas con pulso marcado, para facilitar que o alumnado sinta os ditos pulsos. Fíxate ben na música que escolles e lembra que o pasodobre galego non é o de bailes de salón; o pasodobre galego, así como o valse, báilase de forma máis alegre e os pasos poden ser saltando.

B) Moverse aos ritmos dos bailes agarrados

Imos, en lugar de dar un paso con cada pulso, facer o pase de valse, que vai ser un paso ao lado e piso e piso. Igual para o outro lado: paso e piso e piso. 1, 2, 3... Probamos cara a diante e cara a atrás. Todo o mundo desprazándose pola aula. Moi ben. Agora un paso máis longo e no sitio dous pequenos.

- * **Nota para o profesorado:** introducimos música de valse ou dos ritmos que se queiran traballar. Unha vez que se asimile o paso base, iremos introducindo variantes del respecto á súa extensión, direccións etc. con música, primeiro máis lenta e despois máis rápida. Ademais, o paso farase inicialmente de forma individual e, logo, por parellas. Se queres introducir outras propostas, podes consultar o vídeo en que se explican os pasos de mazurca e valse que se bailan no [Entroido das Damas e Galáns de Meira](#). A danza completa está dispoñible neste vídeo: [Danza do Entruido de Meira \(Moaña\) 2013](#).

C) Entrar no baile a bailar

Por parellas feitas libremente, de fronte e agarradas polas mans, imos comezar a bailar os pasos que aprendemos de pasodobre e valse.

- * **Nota para o profesorado:** vanse propoñendo diferentes ritmos para ir probando e acostumándose á coordinación coa parella. Podemos intentar o agarre tradicional, pero tamén quedar bailando polas mans, sobre todo se o alumnado é noviño.

É importante que, independentemente do xénero, cada persoa probe tanto o rol de levar como de ser levada, non asignarlles o de líder aos homes. Por se precisas algo máis de información sobre a forma de bailar estes ritmos, recomendamos a consulta da [Aula de pasodobre con Aroa Carballo](#).

Probar un baile solto

Para bailar a muiñeira e experimentar un baile solto, imos comezar por escoller pasos sinxelos. Existen diferentes tipos de muiñeira, pero non nos imos parar nisto; o que imos facer son uns pasos básicos e aprender unha estrutura xeral. As persoas que xa sabedes bailar podeades axudar as que o fan por primeira vez. Dentro da creatividade da que falabamos antes, márcanse uns códigos que a comunidade debe coñecer para poder bailar colectivamente. Como inicio, imos facer esta proposta:

A) Aprender o básico

Primeiro temos que entender a estrutura, as partes do baile e a disposición do corpo:

ESTRUTURA

Báilase en filas ou rodas de parellas en que os membros se colocan un fronte ao outro e as cales fan os movementos en espello. Seguindo a música, marcamos partes do baile distintas. Para isto existe a figura da persoa guía, que vai propoñendo os movementos para facer segundo a parte que toque para que as demais persoas a imiten. Pode ser unha mesma persoa durante o baile enteiro ou repartir a tarefa de «guiar» entre varias.

PARTES

- **Descanso:** é a parte do baile que se aproveita, sen deixar de bailar, para descansar e pensar na parte forte: o punto. Pódese facer colocados e colocadas en filas fronte á parella ou en roda.
- **Punto:** o punto adoita ser a parte máis complexa do baile. Ao igual que o descanso ou que a volta, é introducido no baile pola persoa que o guía / dirixe. Esta persoa, após realizar esta parte do baile, ten que ser imitada polo resto de participantes. A reprodución do paso dependerá tanto da capacidade memorística como do interese en modificalo atendendo á creatividade de bailadoras e bailadores. Os puntos pódense facer en fila ou en roda.
- **Volta:** movemento dinámico en forma, polo xeral, de roda, na que as persoas que andan no baile xiran en sentido antihorario.

DISPOSICIÓN DO CORPO

Bailamos, como xa se dixo, en espello coa nosa parella. Ademais, colocamos os brazos en alto.

Imos probar, en primeiro lugar, cos descansos: colocámonos en dúas filas coa nosa parella en fronte e camiñamos de forma lateral 4 tempos para un lado e 4 para outro. Repetímolo varias veces. Aquí tedes [un vídeo que o explica](#).

B) Practicar o paso base da muiñeira

Aprendemos o paso base da muiñeira para, logo, poder facer unha roda.

- * **Nota para o profesorado:** o importante é que todo o alumnado desfrute e se sinta parte do baile; por iso, en función do grupo, pódense practicar diferentes pasos. Na [proposta de Cris Canosa](#) podes ver como escollelos. A idea é ir introducindo a estrutura arriba explicada, que combina puntos, voltas e descansos.

C) Atrevernosa a improvisar

Xa aprendido o paso base, tocaravos improvisar. Lembrede que a creatividade é moi importante no baile.

- * **Nota para o profesorado:** puxemos o exemplo da muiñeira, pero tamén poderías facelo coa xota. Para coñecer uns pasos básicos desta, podes seguir [este vídeo de Miguel Sotelo](#) e, para máis información, tamén podes consultar a [Aula de xota con Olga Kirk e Pablo Díaz](#).

O baile dende os torreiros aos escenarios

Vistes algún grupo de danza tradicional nun palco? Como son os traxes? Que diferenza hai co que estivemos a practicar nós?

* **Nota para o profesorado:** para explicar mellor a diferenza entre os bailes espontáneos e os coreografados, pódese comparar o realizado na aula co que se poida ver nun vídeo dalgunha agrupación que participe nalgún concurso ou evento, por exemplo no deste [certame de baile folclórico](#). Neste vídeo vese que todo está coreografado e que a reprodución de pasos e formas de moverse foron aprendidas, que non existe a espontaneidade comentada anteriormente. Non debe confundirse o baile espontáneo que se fai nun momento festivo, como nunha foliada, coa recreación deste tipo de baile nun escenario. Unha parte fundamental do baile solto é a impredecibilidade, a espontaneidade á hora de propoñer movementos e a liberdade de que varias persoas o fagan sen necesidade de pautas previas, algo que non está presente nas creacións artísticas que se reproducen como espectáculo. Para chegar ao que vemos no vídeo, precísanse moitas horas de ensaio.

Pódense presentar exemplos de posibilidades dos nosos bailes en distintos contextos. Unha experiencia moi bonita liderada por un profesor de Educación Física e que levou a moito alumnado a bailar á vez, tamén de maneira ensaiada pero sen ser nun palco, foi o proxecto «[Un mar de muiñeiras](#)», do Centro de Formación e Recursos de Ferrol con Navantia. Outra aplicación creativa do baile galego escenificado é esta coreografía da [Muiñeira de Chantada](#), que incorpora elementos do estilo hip-hop.

Entre todas e todos, punto a punto, creamos o baile

Nas festas tradicionais, todo o mundo quería bailar porque era unha maneira lúdica de socializar. Hoxe en día, pode ser que algunhas persoas non se atrevan a entrar no baile, e menos a sacar un punto... Polo tanto, teredes que prepararvos para animar o baile voso, dividindo algúns puntos sinxelos entre todas e todos para sacardes no momento de bailar e que o resto do grupo os poida seguir, e axudando as demais persoas participantes a facelo. Podedes crear un repertorio compartido investigado con persoas da escola, da casa ou en vídeos como os do proxecto de Luís Prego «[Un punto ao día](#)». Tamén podedes utilizar as recollidas de hai anos e de diferentes lugares de Galicia dispoñibles no [Arquivo do Museo do Pobo Galego](#). Traede, aprendidos ou gravados, os puntos á aula para ensinalos. Non vos preocupedes se non saen á primeira, é cuestión de práctica.

Redescubrir e reinterpretar as tradicións

Visionamos na clase o quinto capítulo do documental *Axudádeme a cantar*, «[As novas raíces: resocializando o rural a través da música tradicional](#)».

Lembrádevos das «recollidas» das que falamos no paso anterior, as de cando as persoas das zonas urbanas foron ás aldeas para gravar bailes e músicas galegos. Mar Suárez comenta que, con 17 anos, nunha destas recollidas, descubriu que tiña familiares maiores que bailaran e tocaran de xeito tradicional. Por que pensades que non soubo disto antes? Consultade o tema coa xente maior das vosas familias, das vosas veciñanzas ou dos vosos círculos de amizade para descubrir persoas que saiban bailar, cantar ou tocar de forma tradicional. Non esquezades ter en conta outras tradicións de dentro ou de fóra do territorio español. Deseñade unha maneira de facer públicas estas «recollidas» vosas (con permiso, por suposto, das persoas implicadas).



Icíá Varela e Mar Suárez

* **Nota para o profesorado:** agora pódese aproveitar esa información resultante das indagacións do paso anterior. Co alumnado que as levou a cabo, decide cal sería a mellor maneira de divulgala, por exemplo: publicándoa no blog escolar, transmitíndoa pola radio do centro, deseñando un mural con fotos e perfís, convidando as persoas entrevistadas a dar unha charla no cole... No caso de producir un artefacto visual, como un mural ou unha serie de pósteres, deberase colgar no día da festa, para lles dar visibilidade a estas persoas.

Carme Iglesias relata un momento en que descubriu que as formas tradicionais (de bailar, de cantar...) que aprenderan as xeracións novas na súa zona rural (Tordoia) non eran as que coñecían as persoas maiores. Cando fala de «mentiras», refírese ás representacións do baile e da música tradicionais transmitidas polas recollidas, sobre todo polas da Sección Femenina da Falanxe, que viaxou ás aldeas galegas durante a ditadura franquista e recolleu bailes e outros costumes para, logo, recrealos co obxectivo de presentar unha única cultura galega na que as mulleres actuaban conforme a ideoloxía do réxime. Como está condicionada a nosa percepción do pasado polas ideas das persoas que nos transmiten información sobre el? Entre todas e todos, compilamos unha lista de exemplos ao respecto.

* **Nota para o profesorado:** esta pregunta pode resultar complicada, así que recomendamos explicar que foi a Sección Femenina e axudar a que o alumnado reflexione sobre como os nosos obxectivos e as nosas ideas sempre condicionan a maneira de representar «a cultura». Pódese axudar o alumnado a ter en consideración tamén silencios e esquecementos, como os producidos por censura ou medo ás autoridades durante a ditadura. A propósito da cuestión, pódese aproveitar, ademais, para facer referencia ás recollidas das que falamos no paso anterior: como condicionaron a información que quedou rexistrada os intereses das persoas que participaron nesas recollidas? No capítulo 4, que xa vimos, o compilador Xabi Iglesias explícanos que no momento en que se traslada unha recollida ao escenario xa está cambiada. Tamén se pode facer fincapé na idea de crear unha cultura común: que diferenzas poden quedar menos visibles nese «común»? Sobre as recollidas e como afectan os estereotipos, recomendamos o vídeo «[Arquivos, mulleres e tradición](#)», de Carme Campo e Chus Caramés.

Mar Suárez, no minuto 7:30, recomenda ser fiel ás tradicións pero «co noso xeito», un asunto que Maca Rodríguez e Carme Iglesias seguen desenvolvendo ata o minuto 8:55. Volve ver ese fragmento de vídeo. Vós que problemas vedes cos dous extremos (calcar as tradicións tal e como están, con elementos machistas e outras visións anticuadas, ou cambialas tanto que «xa sexan outra cousa»)?

Presente e futuro da nosa festa

Buscamos maneiras de gozar das tradicións e mantelas vivas, pero sen reproducir estereotipos nin desigualdades, así que aplicamos as lentes violetas para crear espazos e actividades adaptados ao noso presente e ao futuro xusto que queremos.

A) Transformar a letra dun xogo bailado para os nosos tempos

Podedes ver neste vídeo persoas de curta idade xogando á carrasquiña. Observade que, neste caso, todas e todos o fan libremente, sen preocuparse moito por normas de xénero; por exemplo, hai nenos dándolles apertas e bicos a nenos sen reparo. Non sempre é así. Cales pensas que son as normas de xénero que poderán, algún día, limitar a súa liberdade? Podemos cambiar algún aspecto da letra deste xogo bailado para que transmita valores positivos?

* **Nota para o profesorado:** recomendamos preguntas abertas para estimular o diálogo, pero pódese axudar ofrecendo algún exemplo de proposta, como a de introducir, ademais dos nomes de «Matilda» e «Maruxiña», dous nomes de nenos, cambiar a referencia á saia por unha prenda de roupa máis xeral ou, incluso, atribuíndo un nome masculino a unha persoa que leva unha saia. Tamén se lle pode pedir ao alumnado que transforme outras cantigas e danzas grupais. É importante sensibilizalo sobre o feito de que algo sexa tradicional non quere dicir que teñamos que reproducir estereotipos, xa que existe moita riqueza de coplas e podemos escoller. Á parte, esas coplas foron creadas nun contexto, polo que nós tamén podemos adaptalas ao noso.

B) Hoxe en día, punto violeta e punto!

Vemos este corte de vídeo sobre os seráns tradicionais de Toutón. Que opinades do que relatan nel? Permitiríadelo na vosa festa? Vistes algún punto violeta nunha festa? Sabedes cal é a súa función?

* **Nota para o profesorado:** este corte dá pé a falar das violencias machistas. Recoméndase non xustificar o comentado no vídeo como parte do pasado, dado que é importante facer consciente o alumnado das violencias actuais.

C) Celebrar a nosa festa nun espazo seguro

Tras a experiencia anterior e todo o que levamos proposto, que aspectos terías en conta para que a nosa festa sexa un espazo seguro? Xa vimos que o baile non sabe de xéneros e que todas as persoas poden bailar o que queiran; por que credes que todos os avós bailaban e agora hai rapaces que din que bailar non é de homes?

* **Nota para o profesorado:** recomendamos dirixir o debate para asegurarse de que saian, á parte do tema da igualdade de xénero, outros como o da diversidade sexual, cultural e funcional.

D) Crear un decálogo de boas prácticas para a nosa festa

Imos crear un decálogo de boas prácticas a partir das conclusións xeradas no debate anterior para definir a foliada que a comunidade quere. Pensade que a festa ten que permitir que todas as persoas a disfruten.

* **Nota para o profesorado:** un documento que pode servir de inspiración é o traballo de BeeHoppers, un grupo brasileiro de divulgación de lindy-hop. No caso de que na comunidade escolar exista alumnado con discapacidade, tamén se debería falar das adaptacións necesarias para que todo o mundo poida participar.

PASO 4

Buscar melodías

Hei de cantar e cantar

(Muiñeira de Seavia)

4.1. Orientacións xerais para o profesorado

Con este paso, indagamos sobre as melodías tradicionais co enfoque posto na maneira en que artistas contemporáneos compoñen pezas coa música tradicional como eixe, actualizándoa. Polo tanto, utilizaremos o capítulo 6 do documental *Axudádeme a cantar*, «Das aldeas aos escenarios: a música de tradición oral no panorama musical galego», como punto de partida, porque explora o rexurdimento contemporáneo do canto galego acompañado de percusión de man. Podemos considerar que esta época de escenificación se inaugurou en 1971, cando as Pandereteiras de Mens pisaron as madeiras do Teatro Colón (A Coruña). Para saber algo máis deste evento histórico, recomendamos o libro *Pandereteiras de Mens* (Busto Miramontes 2021).

No Paso 2 escoitamos os testemuños de tres desas persoas que, inspiradas por este «descubrimiento» do valor e da riqueza do noso patrimonio musical, saíron ás aldeas para recoller esas xoias na forma de gravacións de informantes como Lucinda Barcia Garrido, de Toutón, á que vimos tocar, cantar e falar no primeiro capítulo do documental. Estas mulleres, que aprenderon a tocar o seu instrumento e compilaron o seu repertorio propio de cancións de transmisión interxeracional (ou sexa, que lles transmitiran as súas nais, avoas ou outras mulleres da súa contorna que practicaban estas artes), adóitanse chamar tocadoras tradicionais. Coa desaparición dos seráns, como nos contan Lucinda e a súa filla Montse, rompeuse esta transmisión.

As asociacións folclóricas, en gran medida formadas polas persoas implicadas nos procesos de recompilación que vimos no capítulo 4 do documental, perpetuaron e amplificaron os procesos de escenificación destas tradicións. Ademais, introduciron unha nova forma de transmisión coa oferta de clases de canto acompañado por percusión de man, maioritariamente pola pandeireta. Alén diso, mediante a formación de grupos musicais que beberon destas tradicións pero cunha vertente máis forte de (re)interpretación creativa, iniciaron unha nova etapa en Galicia caracterizada por unha gran variedade de ofertas musicais con raíces galegas.



Asociación Brisas do Quenllo,
Tordoia (A Coruña)



Ana Rodríguez e Felisa Segade, do grupo Leilía

Neste paso, investigamos sobre estas músicas coa intención de espertar o interese do alumnado e comunicar a diversidade de posibilidades, para todos os gustos. Pretendemos que sexa el o protagonista na indagación e selección de melodías para animar a festa. De cara a motivalo, pódese identificar música actual que se basee en coplas tradicionais, incluíndo a de grupos como as Tanxugueiras ou as Fillas de Cassandra. Algúns exemplos directamente relacionados co documental son:

- Relacionados co capítulo 1:
[Baiuca - Toutón \(feat. Aliboria\) Tanxugueiras «Toutón» CDC](#)
- Relacionados co capítulo 2:
[En Piornedo Cantos de Salitre - Piornedo - Segade de Vilaver / Moliñeira de Degrada e Xota de Candín](#)
[Calle Sonora | Paraíso Canto - Ai de min](#)
- Relacionados co capítulo 3:
[Liñares Liñares \(II\) OS DA PORFÍA - Liñares](#)

No capítulo 6, que visionamos como parte da actividade 1, coñecemos tres interpretacións artísticas con moitas diferenzas, pero co elemento común de estar inspiradas na tradición galega. Dúas integrantes da histórica agrupación Leilía, Ana Rodríguez e Felisa Segade, participaron directamente nas recollidas que figuran no capítulo 4 do documental. Tamén escoitamos a Anaís Barbier, cantante e percusionista do grupo Caldo, e a Alberto Cernadas, compositor de música electrónica.

Aínda que ao longo das actividades deste paso proporcionamos algúns exemplos de cancións dunha considerable variedade artística, estes serven só de modelos para inspirar unha investigación máis personalizada por parte do alumnado. Como produto final, na actividade última elabórase unha *playlist* para a festa. Se o centro ten fío musical para as entradas e saídas ou un programa de radio escolar, pódese aproveitar para poñer músicas traballadas nesta unidade didáctica.

4.2. Actividades recomendadas co alumnado

O pasado no noso presente

Visionamos na clase o sexto capítulo do documental *Axudádeme a cantar*, «Das aldeas aos escenarios: a música de tradición oral no panorama musical galego».

Ana e Felisa, do grupo Leilía, fundado no ano 1989, caracterizan a creación desta formación musical como «un punto de inflexión». Que argumentos específicos utilizan para proporcionar esta visión? Que pensades deles?

* **Nota para o profesorado:** pódese organizar un debate sobre os seus argumentos específicos. Refírense ás Pandereteiras de Mens como antecedente, pero podemos analizar as diferenzas: por exemplo, as de Mens non formaron o seu propio grupo, non adaptaron as músicas segundo os seus propios gustos... Así mesmo, Ana e Felisa falan de expectativas por parte do público: a música tradicional aínda estaba asociada máis coas gaitas que co canto acompañado por percusión de man. Á parte diso, caracterizan o comezo da década dos 80 como de aínda «mirando para fóra»; aínda non había moitas referencias de música tradicional de Galicia.

Anaís Barbier fala dos seus procesos de composición. Cales son as fontes que ela e mais as outras dúas persoas que tocan no grupo Caldo utilizan para atopar cancións? Apuntade todas as referencias que mencionan para poder explorar un pouco sobre elas. Despois, escollede unha canción dunha destas tres agrupacións artísticas e escoitade a versión orixinal que se atopa na gravación da recollida. Que diferenzas hai?

* **Nota para o profesorado:** Ana e Felisa falan das súas propias recollidas. Anaís nomea o compilador e artista Xisco Feijóo, a Dorothe Schubarth (citada arriba nas «orientacións xerais» do Paso 2) e o cancionero de Casto Sampedro, que está dispoñible no recurso dixital *Folkoteca Galega*. Anaís e Alberto mencionan o Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) do Museo do Pobo Galego, citado tamén no Paso 2. Pódese aproveitar esta pregunta para identificar outras fontes.

Alberto Cernadas explica que lle gustan as afinacións «supercuriosas» que tiñan as persoas que cantaban e tocaban de forma tradicional, por teren a orella «pouco contaminada». Investigade sobre isto: había música antes da estandarización occidental? Por que? Hai outros sistemas de tonalidade hoxe en día noutras partes do mundo?

* **Nota para o profesorado:** esta pregunta pode resultar complicada e posiblemente requira a colaboración dun/dunha especialista de música do centro. Sendo posible, paga a pena investigalo, non tanto para aprender outros estilos, senón máis ben para darse conta da diversidade que hai con respecto a tempos e espazos, para cuestionar a universalidade do familiar.

Destes tres proxectos musicais (Leilía, Caldo e Cernadas), cal é o que vos gusta máis? Por que? Sabedes doutras agrupacións que beban de fontes tradicionais? Buscade algunhas que vos gusten para compartir co resto da clase e explicade cales son as razóns da súa selección.

* **Nota para o profesorado:** esta pregunta debería ser moi aberta e a súa resposta depender exclusivamente dos gustos de cadaquén, pero pode resultar importante asegurar que as formacións artísticas seleccionadas garden relación coa música de tradición oral de Galicia (incluso, como no caso de Cernadas, de forma puntual).

Buscamos versións das cancións da tradición oral galegas

Algunhas das cancións que figuran no documental *Axudádeme a cantar* foron versionadas por grupos modernos. Escoitade os fragmentos do documental nos que aparecen estas cancións e buscade por Internet unha versión delas:

- Capítulo 1 Inicio / Sale luna
- Capítulo 1 minuto 1:20 / As conchiñas
- Capítulo 1 minuto 2:50 / Aña de Toutón
- Capítulo 2 minuto 0:16 / L'amudar
- Capítulo 2 minuto 8:30 / Villeiriños
- Capítulo 3 minuto 3:30 / Xota de Liñares (Pezas de ida e volta)

* **Nota para o profesorado:** proporcionamos unha versión para cada unha destas cancións. Podes gardala por se acaso houber dificultades ou ofrecela como exemplo. Tamén podes ter en conta que a compiladora María Vidal (que vimos no capítulo 4 do documental) participou no proxecto *As cantigas de Elena*, no que se interpretan as cancións do repertorio dunha tocadora tradicional, a avoa dun dos membros do grupo.

- Capítulo 1:
 - Sale luna (inicio): [Sale luna](#) (*As cantigas de Elena*)
 - As conchiñas (minuto 1:20): [As conchiñas](#) (*As cantigas de Elena*)
 - Aña de Toutón (minuto 2:50): [Flor de Abril - Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre \(NORÓ, 2018\)](#)
- Capítulo 2:
 - L'amudar (minuto 0:16): [María ya Arcides de Trabáu. «L'amudar»](#). UABRA 2012, L'Amudar
 - Villeiriños (minuto 8:30): [Xota e Moliñeira de Villariños](#)
- Capítulo 3:
 - Xota de Liñares (minuto 3:30): [Ay, Dolores \(Laroá\)](#) (Pezas de ida e volta)



Imaxes de recollidas

Bebendo das raíces *tradi*, creamos algo novo

Agora propoñémosvos unha actividade en que vós seredes os que compoñen, mergullándoos na música tradicional / popular, mais xogando con novas sonoridades. Deberedes escoller un retrouso tradicional / popular, preferentemente extraído dalgunha das pezas do documental ou un que xa coñezades (mellor aínda se pertence á vosa contorna). Unha vez escollido e aprendido, teredes que elaborar por grupos unha base rítmica en <https://www.incredibox.com/es/> e ir comprobando que lle acae ben ao retrouso.

* **Nota para o profesorado:** segundo os coñecementos do alumnado e as súas capacidades, podemos facer fincapé nos diferentes tipos de compases e as súas subdivisións.

Do aturuxo ao autotune

Son moitos os grupos que a día de hoxe beben de cancións e lírica populares para facer temas actuais co pouso da música que nos fai estar no mundo dun modo singular. É ben xeitoso o documental que fixo ao respecto o alumnado do IES Marco do Camballón; podedes velo na clase e reflexionar sobre os camiños que percorreu a nosa música: [Do aturuxo ao autotune. Do cancionero popular ao séc. XXI. Ao son da oralidade.](#) Nel vese o orgullo deste alumnado por ter a súa vila de Sabrexo representada no *Cancioneiro popular galego*, da musicóloga suíza [Dorothe Schubarth](#). É coñecida por algunha canción tradicional algunha vila preto do voso colexio ou outra zona de Galicia onde teñades familiares ou coa que gardedes unha relación especial? Das cancións atopadas nas actividades anteriores, e mais do que estades aprendendo sobre cancioneros e outras fontes de recollidas, create un vídeo similar a ese, para colgar no blog do centro ou en YouTube, no que acheguedes a vosa propia visión das conexións entre as músicas tradicionais e as producións musicais que máis vos gustan.

Elaboramos a *playlist* para a nosa festa

Facede de forma colaborativa unha lista de melodías para animar a nosa festa. Para fomentar o baile, deberían ter ritmos de muiñeira, xota, pasodobre e valse, dos cales falamos no paso anterior. Podedes empezar por rastrear a nosa propia aula / cole / familia / veciñanza para ver que cantigas circulan, gravalas e levalas á clase. Logo, podedes incluír as versións que vós atopastes na actividade 2 ou creastes na actividade 3. Se se atopan músicas doutras tradicións entre este repertorio da comunidade escolar, ao mellor pódense adaptar para a festa (lembrádevos de que, ao longo da historia, estas tradicións sempre se foron mesturando polo contacto de distintos pobos, froito de procesos migratorios ou da influencia dos medios de comunicación).

* **Nota para o profesorado:** o traballo do etnomusicólogo estadounidense [Alan Lomax](#), fundador da asociación e arquivo público [Cultural Equity](#) ('Equidade Cultural'), ofrece un bo exemplo destas conexións interculturais creativas. Unha das pezas recollidas por Lomax na súa estadía en Galicia de 1952, *Alborada de Vigo*, foi reinterpretada polo compositor e músico de jazz Miles Davis para a canción titulada «The Pan Piper» (Sketches of Spain, 1960). Podes compartir este exemplo, ou outros, co alumnado para ilustrar tales procesos.

PASO 5

Compilar coplas

Se queres que te lo diga, cantando te lo direi

(Ribeirana de Aboal)

5.1. Orientacións xerais para o profesorado

Como comentamos na introdución desta Guía docente, o tema das festas está presente ao longo de todos os capítulos do documental *Axudádeme a cantar*. No terceiro deles, «Pandeirada en Liñares: canto, identidade e emigración», Orestina Justo, tocadora tradicional de Liñares (Avión), explica como as festas comunitarias da súa zona se viron afectadas polos fortes procesos de emigración; cando a xente da vila emigrou a México (entre outros países), volveu cada vez menos. En palabras de Orestina, «acabouse a festa, acabouse a pandeirada». Introducimos esta cuestión xa na primeira actividade do Paso 1 desta proposta didáctica. Agora, no Paso 5, aproveitamos para retomar este asunto e exploralo en máis profundidade. Ao mesmo tempo, introducimos o tema das coplas, ou letras das cancións tradicionais. Enfocándonos en aspectos lingüísticos e literarios, analizamos a variación e os cambios no noso idioma, e as posibilidades para non soamente compilar, senón tamén compoñer e crear novas achegas.

O capítulo 3 do documental está protagonizado polas tocadoras tradicionais Sira Paz e Orestina Busto mais por Rosalía Portos, nacida na diáspora e que nos proporciona a súa perspectiva de retorno. En consecuencia, este capítulo conta unha historia algo agri doce. Por un lado, como os procesos de emigración debilitaron as festas e eventos comunitarios no lugar de orixe. Polo outro, como Rosalía, amante da música e da literatura orais que conseguiu aprender das súas antepasadas, representa a construción e (re)creación da comunidade galega na emigración mediante a música de tradición oral. Agora asentada en Galicia, incorporou ese interese nos seus estudos académicos, creando un cancionero ilustrado de Liñares como o seu Traballo de Fin de Grao na Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso (A Coruña).



Sira Paz e Orestina Busto

Para traballar o tema da emigración, propoñemos a actividade de explorar e establecer comunicación cos Centros Culturais Galegos, que tiveron un papel importante en conservar un sentido de comunidade compartida entre a diáspora galega, en manter as tradicións vivas e infundilas con toques visuais e auditivos característicos das culturas locais. Non é casualidade que o *Himno galego* se estrease na Habana, Cuba, o 20 de decembro de 1907; fora impulsado pola comunidade expatriada galega asentada alí. Se queremos aprender máis sobre os centros creados por galegos en varios países latinoamericanos de forma amena, podemos consultar os episodios do *Alalá* dedicados ao tema:

- [Alalá n.º 53](#) «A música na emigración en Cuba- Parte I»
- [Alalá n.º 54](#) «A música na emigración en Cuba- Parte II»
- [Alalá n.º 76](#) «Arxentina I»
- [Alalá n.º 77](#) «Arxentina II»
- [Alalá n.º 87](#) «Uruguai, parte I»
- [Alalá n.º 88](#) «Uruguai, parte II»
- [Alalá n.º 104](#) «A música tradicional galega na emigración en Brasil, parte I (Bahía)»
- [Alalá n.º 105](#) «A música tradicional galega na emigración en Brasil, parte II (São Paulo)»
- [Alalá n.º 109](#) «A música tradicional galega en Brasil, parte III, Jose M. Lagares»
- [Alalá n.º 112](#) «A música tradicional galega en Brasil, parte IV: Santos»
- [Alalá n.º 123](#) «A música tradicional galega en Brasil, parte V (Río de Janeiro)»
- [Alalá n.º 134](#) «Unha viaxe pola música tradicional galega en Brasil»

Estes capítulos supoñen un contrapunto do caso de Liñares, no que a emigración prexudicou o mantemento das tradicións, unha visión máis esperanzadora. Á parte deles, tamén se poden incluír exemplos de formacións artísticas do estranxeiro que as manteñen vivas, como o do grupo musical Ialma (*Ialma: Cantares de Lonxe*), cuxa cantante, Verónica Codesal, filla de emigrantes, representou a Bélxica en Eurovisión no ano 2003 tocando a gaita galega. Mesmo se pode usar algunha das súas entrevistas na materia de francés, por exemplo: *Verónica Codesal, Didier Laloy & Damien Chierici – 100 Voltas*.

5.2. Actividades recomendadas co alumnado

ACTIVIDADE 1

/ PASO 5

Botádeme unha copla!

Visionamos na clase o terceiro capítulo do documental *Axudádeme a cantar*, «*Pandeirada en Liñares: canto, identidade e emigración*».

Escoitamos o comezo do capítulo 3, no cal as tocadoras tradicionais Sira Paz e Orestina Busto se botan coplas. Que é unha copla e como se estrutura? Cantas frases (versos) teñen? Cantas sílabas ten cada frase? Riman todas? Buscade máis coplas neste mesmo capítulo (ou noutros) e comparádeas.

* **Nota para o profesorado:** maioritariamente, as coplas compóñense de 4 versos octosílabos en que riman o 2.º e o 4.º. Esta pregunta require algo de atención e análise, polo que quizais se deba poñer o capítulo enteiro e, logo, volver revisar os primeiros 15 segundos, durante os que as mulleres recitan coplas, as veces que sexan necesarias para poder respondela.

Todas as mulleres do documental falan dos factores que causaron a desaparición paulatina das tradicións de cantar con percusión de man en Liñares. Cales son? Pensades que na zona onde vivides pasa algo parecido? Por que?



Rosalía Portos

Rosalía fala da súa experiencia co Centro Galego de México. Que aprendeu alí? Coñeces alguén que participe, ou participara, nun destes Centros? Preguntádelles a estas persoas ou buscade información por Internet sobre algún Centro Galego. Que actividades ofrecen relacionadas coas tradicións galegas?

Vimos que en Liñares se tocaba a lata de pemento, un instrumento co que se aproveita un recurso cotián para facer música. Mira como se toca, a partir do minuto 3:50. Podes reproducir esta técnica? Se non se pode usar unha lata de pemento de verdade, proba cun caderno, un libro ou algo similar. Tamén se pode tirar proveito dalgún vídeo de YouTube, como estes:

- Galician Bagpipe and Percussion: [Jota con variaciones \(Estilo Liñares\)](#)
- Xisco Feijoó: [Toque de lata para a Muiñeira de Xacebáns](#)
- Xisco Feijoó: [Técnica de lata e toque de Liñares de Jota](#)
- Xisco Feijoó: [Técnica e estilo da lata para as Jotas de Liñares de Avión](#)

* **Nota para o profesorado:** no seguinte paso desta proposta didáctica entramos a traballar con máis detalle no tema dos instrumentos. Con esta pregunta preténdese aproveitar esa característica particular de Liñares para espertar o interese polos instrumentos, sobre todo polos que explotan obxectos cotiáns.

ACTIVIDADE 2

/ PASO 5

Galicia polo mundo

Vimos no capítulo 3 do documental que Rosalía Portos se criou en México, onde tivo o seu primeiro contacto coa música galega. A súa experiencia non é para nada illada; Galicia ten unha forte historia de emigración, como vimos no capítulo 4. En grupos pequenos ou en parellas, selecciona de un Centro Galego de calquera parte do mundo, de dentro ou fóra de España, de xeito que non se repitan. Preparade unha presentación sobre el para o resto do grupo. A respectiva información recollerase en dous pasos: 1) revisión da páxina web do Centro, se hai, ou consulta con persoas coñecidas que teñan experiencia co Centro e, logo, 2) preparación dunha carta na que presentades o voso traballo mediante preguntas deseñadas para complementar ou aclarar esta información, para mandar por correo electrónico ao contacto oficial do Centro. Lembrádevos de preguntar polas melodías e coplas galegas que utilizan: que son?, de que zonas de Galicia proceden?, como se utilizan (apréndense nas clases, tócanse en seráns...)? etc.

Coplacrossing

Seleccionade coplas de cancioneros para apuntar en follas. Cortádeas pola metade, de xeito que separedes o 1.º verso e o 2.º (imos chamarlles parte A) do 3.º e o 4.º (parte B). Escríbide en cada metade a parte que corresponda (A ou B). Escollede un recreo para xogar. Nese recreo, o profesorado terá que repartir as metades polo centro, en lugares diversos pero accesibles. E comeza o xogo! En parellas, rastrexade con atención o patio e aqueles outros lugares escollidos polo profesorado para sementar as coplas. Unha vez que atopedes unha metade, deberedes procurar a parella que teña a outra metade; para iso, lembrade, ten que rimar o 2.º verso co 4.º, a última frase da parte A coa última frase da B. Lede a copla en alto porque, ademais de rimar, ten que ter sentido! Na próxima clase, lédeas ou cantádeas diante de toda a clase e debatede se teñen sentido ou non acertastes co voso par.

* **Nota para o profesorado:** debemos asegurar que haxa tantas metades de coplas como parellas de alumnado. As coplas pódense atopar en fontes coma o arquivo [APOI](#), a [Folkoteca Galega](#) ou cancioneros coma o [Cancioneiro infantil de tradición oral de Galicia \(2016, Rico Vereá\)](#) ou o [Cancioneiro Popular de Boimorto](#). Propoñemos o recreo, pero podedes escoller o momento que consideredes máis oportuno para realizar esta actividade. A resolución do xogo pódese facer na seguinte clase ou no recreo, marcando previamente a hora e punto de encontro.

Cantar na nosa lingua

Visionamos un corte de vídeo no que dúas cantantes e profesoras falan da diversidade da lingua galega e dos cambios no seu uso co tempo.

Icía Varela cóntanos que, para ela, é importante manter as características do galego da súa vila (Cerqueda) cando se cantan as cancións tradicionais da zona. Que sabemos destas variantes? Sabedes algo das diferenzas no galego que se fala en Galicia?

Tanto Carme Iglesias como Icía describen procesos de cambio lingüístico:

- Icía, minuto 6:25: «Os nenos e as nenas non falan como as nosas avoas».
- Carme, minuto 6:20: «Si que vimos que toda a contorna que nunca fora castelanfalante cada vez está máis cerca».

Comparede as súas percepcións coas vosas experiencias. Hai cambios lingüísticos nas vosas contornas? Estanse a perder as características particulares do galego da zona? Estase a falar máis castelán? Hai outros cambios?

* **Nota para o profesorado:** estes cortes son do capítulo 5 do documental, que xa vimos no Paso 3 desta proposta didáctica. Aquí queremos resaltar algunhas cuestións específicas sobre a lingua galega, en particular a súa diversidade (e a importancia de recoñecer e valorar esta riqueza) e as tendencias xeracionais sobre o declive no seu uso, fronte ao castelán. Pódense aproveitar estes fragmentos de vídeo para impulsar unha investigación máis estendida sobre tales temas. Se non hai contido adecuado no material escolar para traballar a variación dialectal, pódese buscar información en liña, por exemplo, en [A Nosa Fala](#), un recurso elaborado polo Consello da Cultura Galega no que se pode atopar unha descrición das variacións e mostras orais.



Novas xeracións de pandeireiteiras

ACTIVIDADE 5

/ PASO 5

Desmachificamos coplas

Os tempos cambian, ás veces para mellor. Dentro dos valores sociais e culturais que se transmiten nas cancións, hai algúns que van en contra dos democráticos que compartimos hoxe en día e que incluso parecen reproducir roles desiguais ou incluso violencia de xénero. En vez de simplemente reproducir, podemos tomar decisións baixo os nosos criterios e transformar estes textos. Para dar un exemplo, no CEP Xosé María Brea Segade de Taragoña (en Rianxo) adaptaron unha canción recollida por unha veciña engadindo unha copla de composición propia ao final, na que unha nena violada reclama xustiza. Publicouse a súa versión nun vídeo no blog do centro: [Certo día vindo do muíño](#). Visionade este vídeo e debatede sobre estas decisións. Que pensades deste proxecto de «desmachificación» de coplas? Tomariades as mesmas decisións?

Identificade unha(s) copla(s) con carácter machista para transformala(s). En grupos pequenos ou en parellas, debatede sobre a mellor maneira de actualizar o texto; pódese adaptar a linguaxe ou / e engadir coplas, como se fixo no centro de Rianxo. Logo, facede unha posta en común, compartindo os resultados co grupo grande e explicando as razóns dos cambios efectuados.

* **Nota para o profesorado:** pódese utilizar este traballo académico para atopar coplas con carácter machista: *Heiche de tocar as cunchas ao son da miña gaitiña*. A construción da imaxe feminina nas coplas da música tradicional galega (Iglesias Taboada, 2017).

ACTIVIDADE 6

/ PASO 5

Regueifámonos!

Xa sabemos como se estruturan as coplas da música tradicional galega e que falan do contexto social no que foron creadas. É hora de crear nós as nosas propias coplas e falar da nosa realidade.

Observamos que moitas das coplas son grupos de 4 versos octosílabos dos que riman o segundo co cuarto. Nesta actividade, debemos escoller unha melodía en que entren esas 8 sílabas e así, ao cantar, xa saberemos se o noso verso ten 8 sílabas ou non. Temos que escoller un tema sobre o que falar e perder a vergoña!

* **Nota para o profesorado:** para ter máis apoio á hora de preparar os exercicios para improvisar, propomos o [material creado por Enreguéifate](#). Esta guía, moi práctica, explica paso por paso como preparar unha regueifa, con vídeos que se poden compartir co alumnado e empezando cunha [melodía base](#) (ver minuto 45:00) que se pode utilizar para construír as improvisacións. Tamén recomendamos o libro de Séchu Sende *O povo improvisador* (Através Editora, 2022).

«Seguen sendo novas, aínda que sexan vellas»

No minuto 7:34 do capítulo 3, Rosalía relata o emocionante que é descubrir e entender de que falan as coplas, e o gratificante que resulta atopar os sitios exactos que aparecen citados nelas. Tamén mostra unhas páxinas do seu traballo universitario, no que acompaña coplas de Liñares con ilustracións. Buscade algunhas coplas recollidas na vosa contorna (ou arredores) e analizádeas: de que falan? Noméanse lugares? Sabedes onde están? Noméase fauna ou flora? Sabedes recoñecela? Tamén podedes localizar persoas da vosa contorna que saiban coplas e facer este exercicio coa información que vos acheguen. Con estas recollidas, compilade un cancionero de coplas elixidas pola comunidade escolar, con comentarios e aclaracións. Hai que transmitir todas estas cantigas. Cantádeas na festa, en pequenos grupos, como se facía nas festas tradicionais. Animámosvos tamén a apuntalas e espallalas polo centro.

* **Nota para o profesorado:** pódense localizar coplas a través do arquivo [APOI](#) ou da páxina web *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)*, xa que o buscador permite localizar coplas por palabras, por incipit de texto etc.; por exemplo, é posible buscar coplas que conteñan a palabra «chiculate» ou «compañeira». Se hai tempo e, sobre todo, apoio de especialistas en artes plásticas, pódense crear ilustracións para acompañar este cancionero, como fixo Rosalía. Á parte de para cantar coplas o día da festa (intenta animar o alumnado), esta actividade tamén serve para encher a escola de literatura de transmisión oral. Pódense recoller as coplas por escrito e colocalas en diferentes espazos do centro. Posteriormente, pódense facer xogos de busca do tesouro nos que se acheguen diferentes pistas sobre o contido da copla ou o seu lugar de procedencia.

PASO 6

Investigar os instrumentos

Para toca-lo pandeiro viva quen o ten na man-he

(Muiñeira de Braño)

6.1. Orientacións xerais para o profesorado

Nesta sesión, o obxectivo é indagar sobre os instrumentos musicais que poderían estar presentes nunha foliada e que van animar a nosa festa, ou de forma presencial ou virtual, por medio da lista de cancións gravadas (*playlist*) que preparamos en pasos anteriores. Preséntanse algunhas ideas e os recursos necesarios para levalas a cabo e que non esixen ningún tipo de formación ou experiencia musical por parte do alumnado. Ao mesmo tempo, en caso de poder contar con discentes que xa toquen algún instrumento tradicional, sexa de Galicia ou doutros lugares do mundo, sempre se pode aproveitar esta boa fortuna e, ao mesmo tempo, recoñecer as súas capacidades.

Sería interesante contar coa participación de profesorado da especialidade de música, e buscar entre a comunidade escolar persoas que toquen instrumentos galegos ou outros (que, en principio, identificamos en pasos anteriores). Para informarse de forma xeral sobre os instrumentos da tradición galega, recomendamos revisar o recurso *Os instrumentos musicais na tradición galega*, de Pablo Carpintero, dispoñible na páxina web do Consello da Cultura Galega, mais un capítulo do programa *Alalá* no que este autor explica o tema: «*Alalá* n.º 174: Os instrumentos musicais na tradición galega, con Pablo Carpintero». Outro capítulo do mesmo programa, «*Alalá* n.º 22: Xavier Blanco», enfócase no que o seu protagonista principal chama «instrumentos pobres», os que se poden facer de forma relativamente fácil, á man, con materiais dispoñibles na casa ou na natureza. Blanco ten unha *playlist* en YouTube con cancións acompañadas por eles.

Este paso terá como referencia central o segundo capítulo do documental, «*A Festa da Pandeira: celebrando a recuperación dun instrumento*», porque se dedica a unha das múltiples iniciativas que hoxe en día pretenden recuperar instrumentos galegos que caeron no esquecemento, debido aos procesos de modernización e globalización. Visitamos a Festa da Pandeira de Piornedo, que se celebra cada mes de agosto dende 2006. O obxectivo do evento é reunir tocadoras tradicionais con novas xeracións de músicos e con outras persoas que acudan a esta xuntanza anual con ganas de aprender e gozar deste instrumento.

A pandeira, membranófono de percusión definida por Pablo Carpintero como «*pandeiros redondos* (duns 40-50 cm de diámetro e 8-12 cm de alto) que levan algunhas ferreñas inseridas no marco», tivo unha presenza especialmente destacable nas zonas montañosas da serra dos Ancares, situada entre comarcas galegas, asturianas e leonesas. Polo tanto, na Festa da Pandeira de Piornedo recoñécese que as tradicións musicais, como moitas outras, superan fronteiras administrativas. O caso da pandeira dos Ancares mostra que a música acompañada por este instrumento une a tradición de Galicia coa das comunidades limítrofes. Escoitamos dúas tocadoras tradicionais, Inés de Naipes e Amparo Voces, e dúas das impulsoras destes procesos de resurrección e reprodución artísticas, Isolina Rodríguez e Carolina Vázquez. Se queres saber algo máis sobre esta tradición, tamén podes ver o capítulo «*Alalá* n.º 40: A Pandeira nos Ancares».



Imaxe da Festa da Pandeira, Os Ancares

6.2. Actividades recomendadas co alumnado

ACTIVIDADE 1

/ PASO 6

Unha festa dedicada á recuperación dun instrumento (case) esquecido

Visionamos na clase o segundo capítulo do documental *Axudádeme a cantar*, «A Festa da Pandeira: celebrando a recuperación dun instrumento». Este capítulo preséntanos a Festa da Pandeira, que se celebra nos Ancares, unha comarca histórica que engloba tres comunidades autónomas. Con el poderase comprobar como as persoas que viven neses lugares comparten unha tradición con máis semellanzas que diferenzas.

A) Antes de ver o capítulo

Investiga un pouco sobre esta zona; que comunidades autónomas están incluídas nela? Busca nun mapa para aprender algo sobre os territorios específicos; que sabemos sobre eles? Alguén ten familiares ou amizades que vivan, ou vivisen, aí? Como sería a vida nestas zonas montañosas antes de que gozasen de estradas, electricidade ou Internet?

★ **Nota para o profesorado:** recomendamos facer esta actividade antes de visionar o documental porque se pode orientar a atención cara a varios factores: a paisaxe, a arquitectura, o idioma (moitas das tocadoras falan castelán porque distintas comunidades lingüísticas comparten esta tradición instrumental)... Esta actividade de indagación libre e reflexión serve para activar a imaxinación e o interese, pero podes introducir calquera elemento que che pareza especialmente destacable, como, por exemplo, as pallozas, que se ven claramente neste capítulo.

B) Despois de ver o capítulo

As dúas tocadoras tradicionais da pandeira, Inés de Naipes e Amparo Voces, describen as súas infancia. Que nos contan? Como serían as vosas vidas se vivisedes nesa época? Que aspectos vos gustarían ou non? Como pensades que será a vida agora para as persoas das vosas idades que viven alí?



Isolina Rodríguez



Carolina Vázquez

Isolina Rodríguez, organizadora, conta por que empezaron con esta festa anual en 2006. Ela mais Inés e Amparo explican como a pandeira formou parte das vidas das nenas e das mulleres (a quen pertenceron os instrumentos, quen tocou e en que ocasións, como se fabricaba...) ata quedar practicamente no esquecemento e, logo, recuperarse por medio da dita festa. Compara a presenza e uso da pandeira no pasado e no presente: que diferenzas hai en termos de quen toca, en que contextos etc.?

- ★ **Nota para o profesorado:** aquí deberíase resaltar a rotura completa de transmisión xeracional; Isolina naceu e criouse nunha zona onde, nada máis que unha xeración antes, a pandeira aínda se tocaba de maneira tradicional. Porén, non soubo da existencia do instrumento ata que un profesor lle recomendou aprender a tocala. Tamén pode ser interesante abrir un debate sobre o efecto do festival nas tradicións e nas propias tocadoras; Amparo comenta que leva anos cantando nel e que nunca repetiu unha canción, pero que as tiña case esquecidas. Aprecia que nesta zona se utiliza o termo «polavila», un dos que atopamos na actividade 3 do Paso 1 desta proposta didáctica.

A profesora e percusionista Carolina Vázquez explica como aprendeu a tocar a pandeira. Como foi? Que fariamos agora se quixésemos aprender a tocala? Que recursos hai? Coñecedes alguén que toque este instrumento? Hai algunha persoa ou organización que dea clases del na vosa zona? Buscade por Internet vídeos en liña 1) de artistas ou grupos que o empreguen e 2) nos que se explique como tocalo. Pensades que serían suficientes estes recursos?

ACTIVIDADE 2

/ PASO 6

Unha morea de instrumentos

Xa vimos todos os capítulos do documental *Axudádeme a cantar* ao longo destas actividades. Lembrádevos de todos os instrumentos que aparecen? A ver se podemos, de forma colectiva, crear un rexistro deles:

- A) Nun papel grande, facede unha lista de todos os instrumentos que vimos e tratade de apuntar en que capítulo aparecen. Sacade capturas de pantalla deles.**

B) Buscade información de cada un neste libro virtual: *Os instrumentos musicais na tradición galega*, de Pablo Carpintero. Apuntade unha breve descrición resumindo nun par de liñas a información que vos pareza importante para cada instrumento e acompañádeas coa correspondente imaxe (podedes imprimir, calcar ou debuxar). Buscade tamén algúns instrumentos que vos interese incluír, aínda que non aparezan no documental, e facede o mesmo ca antes.

C) Facede unha visita virtual 3D á colección de instrumentos do Museo Centrad de Lugo. Atopades os instrumentos seleccionados para as actividades 1 e 2 aquí? Atopades algún instrumento que non sabíades que existía ou que vos pareza especialmente curioso?

D) Creade un bingo de instrumentos para xogar entre vós ou convidar outra xente a xogar. Utilizando as fontes (o documental, o libro de Pablo Carpintero, o Museo Centrad de Lugo ou outras), elaborade diferentes tarxetas con ilustracións de instrumentos tradicionais. Atopade gravacións de cada un, utilizando Internet, para crear un pequeno banco de sons. Logo, a través da escoita, identificade e relacionade o son de cada instrumento coas ilustracións e ide marcando aqueles que foron escoitados.

E) Aquí tedes un documental da televisión gaélica onde exploran a música galega. O interese pola nosa música traspasa fronteiras: *PORT - Galicia (televisiois celtas)*. Que instrumentos coñecedes que se toquen noutros países de cultura celta? E bailes?

* **Nota para o profesorado:** se hai a posibilidade, recomendamos visitar o Museo Centrad de Lugo de forma presencial. O vídeo que se propón para o punto 5 ten o valor engadido de proporcionar unha perspectiva dende fóra sobre as nosas tradicións, mais dura 50 minutos; pódense seleccionar fragmentos para ver, se se valora que sería demasiado longo. Estas actividades están deseñadas para familiarizar o alumnado cos instrumentos de tradición galega, sobre todo cos que figuran no documental (pandeireta, pandeiro, pandeira, lata de pemento, legón...). Algo que servirá, ao mesmo tempo, para aludir a outras culturas. Pódese decidir o límite que se queira poñer ao seu alcance, en función do tempo e o enfoque que lle queira dar cada profesor/a. Incluso se pode traballar sobre os instrumentos relacionados con oficios e o seu uso contemporáneo, como o caso do uso do legón por Mercedes Peón (lembrando que Lucinda Barcia Garrido toca este instrumento no primeiro capítulo do documental). Para profundar sobre este tema, recomendamos o artigo «O ritual da i-aña: moito máis ca tocar os leghóns», de Guillermo Ignacio Costa.



Lucinda Barcia Garrido toca o legón



Sira Paz toca a lata

O corpo como instrumento

Sabedes que todas e todos temos un instrumento de percusión que nos acompaña en todo momento? O noso corpo! Nesta actividade xogamos a usar o corpo como instrumento, utilizando os seguintes recursos corporais segundo as indicacións do profesorado:

- A) Palmas:** pódense dar en calquera parte do corpo (incluso nas meixelas coa boca aberta) ou entre elas. Hai varios tipos: brillantes (coas palmas abertas); xordas (coas mans ocas); xavanasas (fretando as palmas); cun puño nunha man e a outra man aberta; cun, dous ou tres dedos etc.
- B) Pés:** pisando con un, alternándoos ou cos dous á vez; de pé, camiñando ou sentada/o, e pisando coas puntas dos pés ou cos talóns. Tamén se poden golpear coa man ou incluso atarlles un instrumento (como ferreñas ou axóuxeres) que soe ao moveiros.
- C) Xeonllos ou coxas:** percutidos coas mans, coas palmas ou co dorso da palma, por diante ou polos lados. Pode ser nos propios ou nos da persoa que teñamos ao noso carón. Ademais, pódese estar de pé, sentado/a ou camiñando.
- D) Chascar de dedos:** cos dedos dunha man, alternándoas ou con ambas.

Con estes diferentes recursos, podemos poñer ritmo ás coplas que recollemos en actividades anteriores ou a outras novas que busquemos.

* **Nota para o profesorado:** para esta actividade, utilizamos o método BAPNE, desenvolto por Javier Romero Naranjo, que propón traballar con percusión corporal, ás veces tamén acompañada por vocalizacións rítmicas ou por algún obxecto, como vasos. Aplicando as técnicas que se describen arriba, intentaremos cadrar os acentos rítmicos coa acentuación das palabras das coplas ben xogando coas diferentes figuras rítmicas que introducimos no Paso 3 desta proposta didáctica, ben experimentando directamente a cadrar a prosodia coa rítmica que realicemos. Podemos buscar diferentes fórmulas para acompañar os principais ritmos da música tradicional: pasodobres (2/4 subdivisión binaria), xotas, vales (3/4 binaria) ou muiñeiras (2/4 ternaria).

Somos / Coñecemos instrumentistas?

Alguén de vós toca un instrumento musical ou coñece alguén que o faga? Identificamos instrumentistas e buscamos instrumentos de uso cotián para que todo o mundo poida participar.

Indagade sobre que instrumentos tocan as persoas do colexio e da comunidade escolar, e sacade fotos delas tocando. Acompañade estas fotos por un breve texto en que se describan os instrumentos, por exemplo contando o tempo que esas persoas levan con eles, en que contextos os tocan...

Preguntade na casa ou na veciñanza se alguén toca un instrumento. Atopades algunha persoa coñecida que estaría disposta a acudir á aula para traer o seu instrumento, tocar un pouco e falar del? Sería especialmente interesante incluír persoas que toquen instrumentos típicos doutros países ou músicas tradicionais deles, para estender o noso coñecemento a outras latitudes.

Localizade instrumentos cotiáns na casa: cunchas, botellas de anís, latas, sachos, pitos etc. Utilizade a creatividade para identificar calquera cacharrada que nos sirva para tocar, aínda que nunca se usase para tal fin. Se soa, válenos. Logo, formamos un grupo de instrumentos feitos de ferramentas de uso cotián e cantamos calquera das coplas atopadas nas actividades anteriores seguindo o ritmo con eles.

* **Nota para o profesorado:** se hai posibilidade de incluír nesta última tarefa algunhas das persoas instrumentistas identificadas nas dúas primeiras, sería xenial. Se non, o grupo pode cantar algunhas coplas acompañadas por percusión de man; neste caso, convén facer explícita a súa conexión coa tradición das mulleres que figuran no documental.

ACTIVIDADE 5

/ PASO 6

E fóra de Galicia, que instrumentos podemos atopar?

Coñecedes outras músicas da Península e os instrumentos que se empregan nelas? Que diferenzas e similitudes atopades? Visionade os seguintes vídeos para ver estas conexións, mais tamén a diversidade e riqueza de tradicións dentro e fóra de Galicia. Após ver cada vídeo, volvede a eles para recoller capturas de pantalla dalgúns dos instrumentos que máis vos chamen a atención:

- [Adufeiras de Monsanto](#)
- [Panda Banós del Carmen en la ermita verdiales](#)
- [Proyecto Vaivén \(Biella Nuei y Kepa Junkera\)](#)
- [Kepa Junkera, Una pequeña historia de la trikitixa](#)
- [Cançó de pandero](#)
- [Coetus, María Ramo de Palma - La Zorra](#)
- [Kepa Junkera - Galiza, con Os Cempés](#)
- [Crua Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre](#)

ACTIVIDADE 6

/ PASO 6

Formamos un conxunto musical

Formade un conxunto de instrumentos de percusión, utilizando os materiais e baixo a dirección do/a profesor/a.

* **Nota para o profesorado:** esta actividade vai requirir a colaboración da aula de música. A proposta será preparar algo en conxunto coas frautas / instrumentos Orff e pequena percusión. Para frautas e Orff: melodía en dó maior, evitando melodías que baixen a sétimo grao. Como recurso, compartimos as [partituras dunha xota](#) que podedes ver e escoitar da man de Sira Paz e Orestina Busto no capítulo 3 (minuto 3:50). Ademais, achegamos o agarrado e a [xota de Teajo \(Dodro\)](#), con base nunha recollida realizada a dúas veciñas do concello: Isaura Garrido Freire e Cándida Garrido Rivas.

ACTIVIDADE 7

/ PASO 6

Construímos instrumentos

Sabedes que se poden construír algúns instrumentos con materiais fáciles de atopar e de utilizar? Podemos usar estes instrumentos para acompañar o canto. Seguíde este tutorial do profesor e músico Richi Casás para [elaborar un pandeiro «vegano»](#) e, logo, este outro, do [Cooperativo Miudiño](#), para [crear xoguetes sonoros](#).

* **Nota para o profesorado:** esta actividade vai requirir a colaboración da aula de plástica ou de tecnoloxía. A música de fondo no vídeo de Casás vén do seu libro-CD [Fuliada na Vila](#), outro recurso musical interesante, sobre todo para facer fincapé na posibilidade de reinterpretar músicas tradicionais incorporando outros estilos (como o jazz) e instrumentos modernos (como o saxofón). Pódense aproveitar vídeos de YouTube como «[Fuliada na Vila – Muiñeira Floreada](#)», que representa unha pequena «fuliada» acompañada por música e baile, para introducir o seguinte e último paso desta proposta: a organización da nosa festa.

PASO 7

Chegou o día, a festexar!

Como son foliadeira veño ve-la foliada

(Maneo de Calvos)

7.1. Orientacións xerais para o profesorado

Na última actividade do Paso 1 desta proposta didáctica reflexionamos sobre as tarefas que teríamos que completar para organizar a nosa festa. Ao longo dos seguintes seis pasos, preparamos músicas, bailes e outros materiais (fotos, mapas e outros produtos visuais para darlle un toque máis persoal). Neste sétimo e último paso, preténdese pechar a proposta para levar a cabo a festa, organizando todo o que ten que ver con ese día tan esperado. As tarefas que anticipamos que sexan necesarias están presentadas aquí para o alumnado pero, por suposto, o profesorado pode tomar decisións para concretar os labores que se precisan e como se deberían organizar. Para comezar, haberá que decidir se se convida a outros membros da comunidade escolar ou da veciñanza a formar parte do equipo impulsor da festa. Segundo os recursos dispoñibles do centro e os seus contactos coa comunidade, pódense convidar grupos de música tradicional a tocar na foliada; neste caso, recomendamos asegurarse de que sexan dun mínimo de calidade para que a experiencia resulte positiva para todo o mundo. Se o centro conta con alumnado e familias procedentes doutras latitudes, sería interesante crear algo de debate e indagar sobre como se celebran festas tradicionais noutras partes do mundo, para incluír estas persoas e as súas experiencias como recursos adicionais que serven de enriquecemento das nosas ideas.

Non temos un capítulo do documental para acompañar este último paso, pero recomendamos dous do programa *Alalá* como recursos audiovisuais, porque falan das formas tradicionais de organizar as foliadas. Estes poden servir para informar o profesorado encargado de coordinar a festa e para guiar a elaboración das actividades, ou incluso se pode considerar compartilos todos ou partes deles co alumnado participante no equipo impulsor, para ilustrar o tipo de preparacións tradicionais que terá que elaborar de forma actualizada no noso contexto moderno:

- *Alalá* n.º 59 «Os ciclos do ano en Toutón»
Trata da maneira en que as festas e bailes comúns acompañaban os labores do campo. Figuran como informantes Lucinda Barcia Garrido e a súa filla Montse Alvariño, as dúas tocadoras que vimos no capítulo 1 do documental.
- *Alalá* n.º 85 «Os seráns»
Explica como se preparaban os seráns, incluíndo os espazos, e mais a importancia das mulleres na súa organización.

7.2. Actividades recomendadas co alumnado

Xa chegando o día da nosa festa, temos que pensar en como organizala. Hai que tomar decisións sobre o nome e a data. Lembrádevos do Serán dos Namorados de Toutón; como lle queremos chamar á nosa festa? Cando se vai celebrar (data e hora)? Que características terá, ou sexa, como queremos estruturala?

Deberíades ter en conta tres fases importantes: preparación (antes), elaboración (durante) e remate (despois), e dividir entre o equipo impulsor da festa varias tarefas que completar:



A) Formar «Comisións de coidado» colaborativas: que cada unha delas se ocupe dun aspecto particular da festa, por exemplo:

- Loxística (coordinar as outras comisións e asegurar que todo funcione dun xeito eficiente e agradable, solucionar problemas puntuais que xurdan...).
- Músicas (utilizar as *playlist* que se crearon nas actividades anteriores, conseguir o equipamento de son necesario e estar pendente do seu funcionamento no día da festa...).
- Bailes (pódese ofrecer, ao comezo da festa, un obradoiro de baile para toda a xente que acuda; de todos xeitos, as/os integrantes desta comisión terán que asegurarse de que algunhas persoas estarían dispostas a animar o baile, sacando os puntos que se aprenderon nas actividades anteriores).
- Espazo artístico (preparar o espazo, que debería incluír unha zona de baile, outra para sentarse e relaxarse... Se o lugar seleccionado está fóra, haberá que ter un plan en caso de choiva).
- Comida e bebida (preparar produtos para picar, que se poden ofrecer ou vender durante a festa, quizais de elaboración caseira ou contando con provedores da veciñanza).
- Espazo seguro (establecer un Punto Violeta; finalizar e imprimir o decálogo de boas prácticas que elaborades no Paso 3, para termos presentes as normas de convivencia e coidado que nos fagan sentir ben na foliada...).
- Peche da festa (recoller, limpar, xestionar a comida sobrante, crear unha memoria...).

B) Crear e personalizar o espazo: ao longo das actividades que fixemos ata agora, producimos unha variedade de materiais visuais: os mapas «Galicia cultural» e «Mundo cultural»; fotos e capturas de pantalla de instrumentos e instrumentistas; mostras de instrumentos, entre os que se inclúen os construídos nos obradoiros... Podemos aproveitar estes recursos para darlle ao noso espazo un toque persoal e acolledor, celebrar as habilidades das persoas que descubrimos sobre a marcha e deixar un rexistro do noso traballo feito. Tamén pode ser necesario tomar decisións sobre elementos adicionais que se poidan conseguir ou fabricar.

C) Anunciar o evento: crear un anuncio para comunicalo a todo o centro, tanto para colgar, en versión impresa, como para divulgar polas redes sociais, incluído o blog ou web do centro. Tamén se pode difundir na radio escolar, polo cal habería que crear unha emisión ou un podcast para presentar e animar a festa.



Detalle dun cartel da foliada e foliadiña de Cerqueda

- D) Celebrar a festa, asegurando a participación e desfrute de todas e todos:** as diferentes Comités dividirán o traballo entre elas. Convén crear medios eficientes para comunicar necesidades ou incidencias entre os membros do equipo impulsor ao longo do evento, e lembrádevos de deixar tempo libre para que todas e todos poidades tamén gozar da festa. Así mesmo, lembrádevos da importancia de documentar o evento, sacando fotos e incluso falando coa xente participante sobre as súas experiencias e impresións.
- E) Rematar e reflexionar:** é importante que todo o grupo participe neste paso posterior, para que os labores de limpeza e recollida sexan compartidos entre o máximo número de persoas posible. Outro compoñente importante é a reflexión; ao mellor, pódese concertar unha reunión para celebrar o traballo feito e para falar de logros e recomendacións para o futuro. Por suposto, haberá que divulgar os resultados, por exemplo subindo unha descrición do evento con fotos ao blog do centro.

Anexo

Xota de Liñares

(Avión, Ourense)

Xota de Teaio

(Dodro, A Coruña)

Agarrado Teaio

(Dodro, A Coruña)

Xota de Liñares (Avión, Ourense)

Informantes: Sira Paz / Orestina Busto

Arranxo: Carolina Vázquez

Documental: *Axudádeme a cantar*

Musical score for the first system of 'Xota de Liñares'. The score is in 3/4 time and consists of seven staves:

- Voz:** Treble clef, 3/4 time. The melody is mostly rests, with a repeat sign after the first four measures.
- Metalófono de Orff soprano:** Treble clef, 3/4 time. The melody is mostly rests, with a repeat sign after the first four measures.
- Metalófono de Orff alto:** Treble clef, 3/4 time. The melody is mostly rests, with a repeat sign after the first four measures, followed by a sequence of eighth notes.
- Metalófono de Orff baixo:** Treble clef, 3/4 time. The melody is mostly rests, with a repeat sign after the first four measures, followed by a sequence of eighth notes.
- Estalo de dedos:** Percussion clef, 3/4 time. The melody consists of eighth notes.
- Palmada:** Percussion clef, 3/4 time. The melody consists of eighth notes.
- Pandeireta/lata:** Percussion clef, 3/4 time. The melody consists of eighth notes.

Musical score for the second system of 'Xota de Liñares'. The score is in 3/4 time and consists of seven staves:

- V.:** Treble clef, 3/4 time. The melody starts at measure 8 and consists of eighth notes.
- Met. Or. s.:** Treble clef, 3/4 time. The melody is mostly rests, with a repeat sign after the first four measures.
- Met. or. a.:** Treble clef, 3/4 time. The melody consists of eighth notes.
- Met. or. b.:** Treble clef, 3/4 time. The melody consists of eighth notes.
- Est. d.:** Percussion clef, 3/4 time. The melody consists of eighth notes.
- Pal.:** Percussion clef, 3/4 time. The melody consists of eighth notes.
- Pndr.:** Percussion clef, 3/4 time. The melody consists of eighth notes.

Xota de Liñares (Avión, Ourense)

ESTALO DE DEDOS


Informantes: Sira Paz / Orestina Busto

Arranxo: Carolina Vázquez

Documental: *Axudádeme a cantar*




14




1. | 2.

31



44



Xota de Liñares (Avión, Ourense)

METALÓFONO DE ORFF BAIXO

Informantes: Sira Paz / Orestina Busto

Arranxo: Carolina Vázquez

Documental: *Axudádeme a cantar*



Xota de Liñares (Avión, Ourense)

PALMADA

Informantes: Sira Paz / Orestina Busto

Arranxo: Carolina Vázquez


Documental: *Axudádeme a cantar*



12



24



36



Xota de Liñares (Avión, Ourense)

METALÓFONO DE ORFF SOPRANO

Informantes: Sira Paz / Orestina Busto

Arranxo: Carolina Vázquez

Documental: *Axudádeme a cantar*




Xota de Liñares (Avión, Ourense)

VOZ

Informantes: Sira Paz / Orestina Busto

Arranxo: Carolina Vázquez

Documental: *Axudádeme a cantar*



Xota de Teaio (Dodro, A Coruña)

Informantes: Cándida Garrido Rivas e Isaura Garrido Freire
Documental: *Axudádeme a cantar*

A aldea de Teaio,
aldea de moita lama,
prenden os amores nela,
como o *salgheiro* na braña.

Queridiño *donche* os ollos,
tamén che me doen os meus,
vámolos lavar ao río,
onde a troita lava os seus.

Paxariño *gorrión*,
onde vas *fase-lo* niño,
á horta do Sr. cura,
no máis alto ramalliño.

Pasei por Padrón cantando,
e por Santiago rindo,
as *mosas* de Bastavales,
quedan na cama durmindo.

Xota de Teoio (Dodro, A Coruña)

Informantes: Cándida Rivas

Documental: *Axudádeme a cantar*

Voz

Metalófono de Orff soprano

Metalófono de Orff alto

Metalófono de Orff baixo

8

V.

Met. Or. s.

Met. or. a.

Met. or. b.

17

V.

Met. Or. s.

Met. or. a.

Met. or. b.

Xota de Teoio (Dodro, A Coruña)

METALÓFONO DE ORFF ALTO

Informantes: Cándida Rivas

Documental: *Axudádeme a cantar*



Xota de Teoio (Dodro, A Coruña)

METALÓFONO DE ORFF BAIXO

Informantes: Cándida Rivas

Documental: *Axudádeme a cantar*



Xota de Teaio (Dodro, A Coruña)

METALÓFONO DE ORFF SOPRANO

Informantes: Cándida Rivas

Documental: *Axudádeme a cantar*



Xota de Teaio (Dodro, A Coruña)

VOZ

Informantes: Cándida Rivas

Documental: *Axudádeme a cantar*



Agarrado Teaio (Dodro, A Coruña)

Informantes: Cándida Garrido Rivas e Isaura Garrido Freire
Documental: *Axudádeme a cantar*

Hoxe é luns, *mañán* é martes,
cuarta feira logo vén,
domingo tarda *sen* anos,
para quen amores ten.

O *corasón* dunha *pulgha*,
e tamén o dun piollo,
heillos de dar ó meu fillo,
que non me come de todo.

Ó subir os escalóns,
unha *pulgha* me picou,
collina polo *narís*,
un bofetón que levou.

Nunca na vida tal vin,
o que vin esta mañá,
unha cadela con pitos,
unha *ghaliña* con cans.

Agarrado Teaio (Dodro, A Coruña)

Informantes: Cándida Garrido Rivas

Documental: *Axudádeme a cantar*

The musical score is arranged in two systems. The first system includes:

- Voz**: Voice line in 2/4 time, starting with a rest followed by a melodic phrase.
- Metalófono de Orff soprano**: Treble clef, playing a rhythmic accompaniment.
- Clarinete en Bb**: Bass clef, marked with a B-flat key signature and a 2/4 time signature, containing rests.
- Acordeón**: Grand staff (treble and bass clefs), playing a rhythmic accompaniment.
- Metalófono de Orff alto**: Treble clef, playing a rhythmic accompaniment.
- Metalófono de Orff baixo**: Bass clef, playing a rhythmic accompaniment.

The second system, starting at measure 6, includes:

- V.**: Voice line with two endings, labeled 1. and 2.
- Met. Or. s.**: Metalófono de Orff soprano, playing a rhythmic accompaniment.
- Cl. Sib**: Clarinete en Sib, marked with a B key signature and a 2/4 time signature, containing rests.
- Acc.**: Acordeón, grand staff, playing a rhythmic accompaniment.
- Met. or. a.**: Metalófono de Orff alto, playing a rhythmic accompaniment.
- Met. or. b.**: Metalófono de Orff baixo, playing a rhythmic accompaniment.

Agarrado Teaió (Dodro, A Coruña)

ACORDEÓN

Informantes: Cándida Garrido Rivas

Documental: *Axudádeme a cantar*

The musical score is written for accordion in 2/4 time. It consists of three systems of music. The first system (measures 1-8) features a treble clef with a key signature of one flat and a 2/4 time signature. The melody is primarily eighth-note patterns. The bass clef provides a harmonic accompaniment with chords and single notes. A slur is placed under the first two bass notes. The second system (measures 9-18) includes first and second endings. The first ending (marked '1.') spans measures 9-10, and the second ending (marked '2.') spans measures 11-12. The first ending leads back to the beginning of the second system, while the second ending leads to the final measure of the system. The third system (measures 19-20) also includes a first and second ending. The first ending (marked '1.') spans measures 19-20, and the second ending (marked '2.') spans measures 21-22. The first ending leads back to the beginning of the third system, and the second ending leads to the final measure of the system.

Agarrado Teaio (Dodro, A Coruña)

CLARINETE EN Bb

Informantes: Cándida Garrido Rivas

Documental: *Axudádeme a cantar*




Agarrado Teaio (Dodro, A Coruña)

METALÓFONO DE ORFF ALTO

Informantes: Cándida Garrido Rivas

Documental: *Axudádeme a cantar*





Agarrado Teaio (Dodro, A Coruña)

METALÓFONO DE ORFF BAIXO

Informantes: Cándida Garrido Rivas

Documental: *Axudádeme a cantar*



Agarrado Teairo (Dodro, A Coruña)

METALÓFONO DE ORFF SOPRANO

Informantes: Cándida Garrido Rivas

Documental: *Axudádeme a cantar*




Agarrado Teaio (Dodro, A Coruña)

VOZ

Informantes: Cándida Garrido Rivas

Documental: *Axudádeme a cantar*



Créditos



**EDITA**

Consello da Cultura Galega, 2025

FOTOGRAFÍAS

As imaxes desta guía docente foron extraídas dos distintos capítulos do documental. Os créditos das pezas audiovisuais figuran completos na páxina 6.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA

Begoña Tajés
Andrea Ucha

DESEÑO E MAQUETAXE

Raquel Boo

DOI: 10.17075/acgd.2025

EQUIPO DE REDACCIÓN**COORDINA**

Renée DePalma

Profesora de Ciencias da Educación na Universidade da Coruña

Bea Busto Miramontes

Investigadora en Etnomusicoloxía e profesora de Música e Etnomusicoloxía na Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela

Carme Campo Martínez

Técnica de Educación e Acción Cultural no Museo do Pobo Galego, fundadora da asociación Andar cos Tempos e mestra de baile tradicional

María Jesús (Chus) Caramés Agra

Educadora e dinamizadora sociocultural, fundadora da asociación Andar cos Tempos e mestra de baile tradicional

Xaime Estévez Vila

Catedrático de Música en secundaria e profesor de Música no IES Álvaro Cunqueiro (Vigo)

Cristina López Villar

Profesora de Ciencias do Deporte e a Educación Física na Universidade da Coruña

Marta Otero

Mestra de Música no CEIP do Foxo (A Estrada, Pontevedra)

Santiago Quiroga

Orientador no CEIP das Mercedes (Lugo)

Carolina Vázquez Castro

Mestra de Música no CPI Eusebio Lorenzo Baleirón (Dodro, A Coruña)

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2.º andar

15705 Santiago de Compostela

+34 981 957 202

consellodacultura.gal

